

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA),
Nº 10/2017 DE CARÁCTER ORDINARIO, CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2017.**

Salceda de Caselas, 27 de outubro de 2017

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)
NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)
RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)
VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

Grupo municipal de Movemento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)
CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)
PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)
LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

Secretaria do Concello

Noemi Sirera Diéguez

HORA DE INICIO: 20,08 horas.

HORA DE REMATE: 23,50 horas.

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 20:08 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde D. Marcos David Besada Pérez mediante Decreto Número: 2017-0773 Data: 24/10/2017, reúnen-se en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

A) Parte resolutiva

1. Aprobación da acta sesión anterior (Extraordinaria Nº 8/2017 de 9 de outubro).
2. Expediente 2348/2017. Procedemento Administrativo Común. Solicitud de declaración do municipio como zona afectada gravemente polos incendios.
3. Expediente 2343/2017. Proposición de declaración especial de interese ou utilidade

municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico- artísticas ou de fomento do emprego (novo centro de saúde).

B) Actividade de control

4. Dar conta dos Decretos dende o 2017-0522 ao 2017-0772.
5. Mocións grupos políticos, no seu caso.

C) Rogos e preguntas

INICIO DA SESIÓN

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Boas noites a todos e a todas, benvidos unha vez máis a este vosa casa. Aínda que Ángela Ledo do Partido Socialista está según dicides a pique de chegar vamos entón comezando con este Pleno Ordinario nº 10/2017 comezamos coa parte resolutiva da sesión que como sempre comeza coa aprobación da acta da sesión anterior, concretamente a extraordinaria 8/2017 de 9 de outubro.

1. Aprobación da acta sesión anterior (Extraordinaria N° 8/2017 de 9 de outubro).

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Boas noites, eu quero insistir no que dixen no Pleno no referido as preguntas que fixemos no Pleno ordinario cando se aprobou a acta dese Pleno de agosto, manifestei que se nos dixo que se nos ían a contestar as preguntas por escrito, chegamos a este Pleno ordinario do mes de outubro, dous meses despois e a día de hoxe non se nos notificou como así se comprometera o Alcalde no Pleno de agosto as respostas que se fixeran. Non sei se ao grupo socialista se lle contestou. A nos non e quero que se recolla na acta.

Respecto da acta do 9 de outubro, a dos festivos, non temos nada que engadir a mesma.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): As preguntas por escrito, a idea era repartilas antes do turno de preguntas. O ROF o que di e que se entregarán no Pleno seguinte.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): ¿Dou por feito que isto vai ser a tónica?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Neste caso así é.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Polo tanto as peticións que fixemos antes do Pleno non se teñen en conta, de acordo.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Boas tardes a todos e todas, perdoade a tardanza da miña compañeira pero se incorporará ao Pleno nuns minutos. Primeiro, darlle a noraboa ao voceiro do PP polo seu cargo na Deputación que hoxe se estrenou como deputado, esperemos que sexa polo ben de Salceda.

En canto a acta, entendo que o ROF dí que se entreguen no seguinte Pleno pero ante as peticións que se fan, se o Alcalde o considera se poden entregar antes. En canto a Acta do Pleno dos festivos non temos nada que obxectar a mesma.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Boas noites, igualmente dende Movemento Salceda felicitar o nomeamento como Deputado a Santiago.

Con respecto ao que dicía Verónica, efectivamente quero mencionar o artigo 97.7 do ROF, di que as preguntas plantexadas no Pleno serán contestadas no Pleno seguinte. En base a iso, hoxe traemos as preguntas contestadas por escrito para incorporar a este Pleno.

Nestes intres incorpórase ao Pleno a Concelleiro Dna. Ángela Ledo Souto (PsdeG-PSOE)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Dadas as intervencións dos grupos do PSOE e Movemento Salceda, agradecer no meu nome e no de este grupo. É unha satisfacción persoal pero sobre todo, a satisfacción do traballo dunhas persoas que me levan apoiado e traballado sen pedir nada a cambio durante moitos anos e o apoio dos votantes nas diferentes eleccións municipais. Intentarei estar a altura das circunstancias e no que poida axudar ao goberno ou aos compañeiros da corporación contade comigo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Incorpórase a compañeira Gela neste momento. Sometemos agora sí a votación da acta da sesión anterior.

Non existindo observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 8/2017 de carácter extraordinario celebrada o 9 de outubro de 2017, e a mesma é aprobada por UNANIMIDADE DOS TRECE membros presentes na sesión.**

2. Expediente 2348/2017.Procedemento Administrativo Común. SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DO MUNICIPIO COMO ZONA AFECTADA GRAVEMENTE POLOS INCENDIOS.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ben e de todos coñecido as circunstancias que viviu Salceda o domingo 15 de outubro e o luns 16 de outubro, circunstancias que viviu tamén certa parte do país, e boa parte da comarca de Vigo e do Condado Paradanta. A superficie queimada no noso caso son 910 hectáreas delas 527 pertencen a monte comunal das 6 das nosas 7 parroquias, Picoña, San Xurxo, Santa María, Parderrubias, Budiño e Soutelo, afortunadamente, non afectou o lume a parroquia de Entenza. Isto supón o 25,52% da superficie total do concello. Tralo primeiro impacto e tras pasar domingo e luns coa labor principal de extinción do mesmo, dun incendio que se iniciou na parroquia de Paramos, en Tui, aproximadamente as 17 horas e que a través de Guillarei atravesou primeiramente Soutelo e Budiño e logo foi atravesando todas as parroquias e chegou a afectar a San Salvador de Budiño e Atios en Porriño e rematou nas parroquias de Guláns e de Cristiñade no Concello de Pontearreas, para ser exactos rematou na autovía A52 en Guláns lindando con Xinzo.

A partir do martes, unha vez garantida a extinción completa do incendio, comezamos a traballar e a xuntarnos cos colectivos afectados e coa administración, cos alcaldes e coas comunidades de montes, que son as que máis se viron afectadas, coas traídas de auga tamén nos xuntamos e fixemos un balance, coa sociedade de Caza Caselas que xestiona en parte todo o referente a caza dos Tecores de Monte Comunal e privado libre e despois por suposto cos particulares. Por outra banda tivemos xuntanzas con Alcaldes, o luns tivemos unha xuntanza os Concellos da Área Metropolitana de Vigo e ademais fomos convocados polo Alcalde de Vigo, que tamén estivo afecta cun incendio que se inicia no monte Galiñeiro e que mantivo cercada por momentos a cidade. Tamén nos xuntamos os dez alcaldes que formamos o GDR Condado-Paradanta que é o organismo que xestiona os fondos europeos, a Presidenta da Deputación

visitou este espazo o xoves pasado e tamén participou na xuntanza do Concello de Vigo e onte tamén se achegou o xefe territorial, López Chaves por parte da Xunta de Galicia.

Un incendio que curiosamente non acadou o nivel 2 seguimos sen saber o porqué, o nivel 2 e cando se activa cando vivendas e persoas corren serios riscos, tivemos que desaloxar 4 barrios das nosas parroquias, habilitamos o Centro Social da Devesa para acoller a esas familias que o necesitaran e polo tanto, todos sabemos os que estivemos a pe de obra que moitas vivendas foron salvadas polos propios veciños que son os auténticos heroes e todos sabemos os que estivemos dende o primeiro momento, teño que dicir que estivemos todos e todas as Concelleiras, practicamente, de toda a corporación botando unha man. O que non funcionou foi o sistema de mando, de feito algunhas administracións aínda non sabemos hoxe, porque non se activou o nivel 2 e polo tanto, en resumidas contas, despois de facer esta análise, as administracións foron sacando ou abrindo a posibilidade de axudas, unhas vinculadas a lei do 2005 que substituíu ao famoso termo que non existe xa de zona catastrófica, un termo que se muda por emerxencia civil, e moi especialmente a lei 17/2015 que é unha lei máis actual, que abre a posibilidade de declaración de zona afectada gravemente polos incendios, por unha emerxencia de protección civil neste caso por incendios forestais.

Na xuntanza do luns algúns concellos xa solicitaran esta declaración como As Neves, Gondomar e Nigrán e alí pactamos ou acordamos que o máis prudente e a formula para acceder aos fondos que dependen do Consello de Ministros, é esa declaración que traemos a Pleno. O xoves o Consello da Xunta sacou tamén o Decreto para liñas de axudas, era unha declaración de intencións e nos consta que no Consello de onte se aprobou e en principio sairá no DOG o vindeiro luns e a partir de aí empezaremos a perfilar.

Por outra banda, existe a posibilidade de acudir ao Fondo de Solidariedade da UE, se ben é certo que ese fondo depende da decisión do Estado da UE, nos si forzamos a través da FEMP e tamén nos consta que todos os grupos políticos a intentar que por parte se solicite o Estado esa declaración e o acceso a ese fondo da UE que, como dicía, e no suposto de catástrofe natural, certo é que o acceso a ese fondo ten que ser pola declaración do Estado membro, nos consta que o Estado español como Portugal que se viu gravemente afectado creo que andan na idea de solicitar conxuntamente e os danos estimados teñen que superar os 3.000 millóns de euros e hai que solicitalo nas 12 semanas posteriores aos feitos. En todo caso, eses fondos polos que falamos estarían destinados a reforestación a medio longo prazo pero xa para axudas a damnificados acudiremos a lei 17/2015 e tamén da liña de axudas do Decreto 102/2017 e a súa orde que desenvolve.

Temos que dicir que os beneficiarios das axudas son persoas físicas propietarias ou usufrutuarias, as entidades locais, asociacións, entidades deportivas. Estas axudas teñen o carácter subsidiario de outras axudas públicas e privadas, e son compatibles. Por outra banda tamén, foise creando un voluntariado ambiental, nos temos o voluntariado máis ou menos fixo, que teñen feito un traballo importante estes últimos anos pero temos que recoñecer que houbo moita sensibilidade e non so en Salceda, senón en todo o país, que nos fixeron chegar a dispoñibilidade para botar unha man cando fose preciso, a día de onte había 35 persoas anotadas, hoxe xa hai moitas máis anotadas. Certo é que os traballos de voluntariado van ir baixo un mando dun técnico e das Comunidades de Montes.

Afortunadamente, a chuvia da semana pasada non foi chuvia intensa e polo tanto a gran preocupación era que as cinzas puideran chegar aos cauces e tamén que as cinzas chegaran aos

mananciais das traídas de auga que en algúns casos son a fonte de suministro e garda das traídas de auga que están case todas en terreos das Comunidades de Montes. Dende o mércores a cuadrilla de vías e obras coordinada por Miguel e nos, nos puxemos a traballar nas medidas paliativas comezando na Picoña que ten un traballador propio e que por outra banda teñen un dispositivo dende o primeiro momento para intentar minimizar xunto con San Xurxo, que son dúas parroquias que teñen un forte desnivel e que se as choivas fosen máis intensas ou torrenciais sería máis problemática.

Por último, tendo en conta a base de datos que se foi elaborando e se seguirá, a declaración de calquera axuda está vinculada a memorias exhaustivas de danos. O que fixemos foi habilitar unha oficina de apoio que dende o luns estará na oficina de urbanismo que contará cun administrativo e o aparelador municipal con acceso a catastro e a calquera tipo de tecnoloxía nos permita cubrir unhas fichas para que nos vaian analizando todos e cada uns dos datos que xunto con documentación complementaria, orzamentos, facturas, imaxes, todos os danos que tiveran en superficie, e as comunidades de montes e traídas, as de caza ou calquera outra asociación que se vira afectada por este tema.

Polo tanto, a partir do luns teremos unha base de datos e hoxe o que propoño é aprobar esa declaración que se mandará ao Consello de Ministros. A oficina ademais de recadar os datos tamén pretende ser asesora e dar resposta tamén as dúbidas que se plantexen por parte dos afectados cando as propias administracións nos vaian desenvolvendo as diferentes liñas de axudas e onde cada un dos afectados que o considere poderá botar man.

Catro ideas básicas que sacamos en todas as reunións nas que coincidimos ao 100%: non pode volver a pasar que non exista un mando único que nos permita aos alcaldes ou concelleiros que estamos a pe de terra poder acceder a ese mando sen pasar polo filtro do 112 que foi o que sucedeu, o que lle pasou aos veciños que o 112 estaba colapsado e nos tampouco tivemos acceso directo. Fallaron todos os dispositivos de emerxencias e protección civil. Unha segunda cuestión é que non é viable este país nas zonas máis poboadas especialmente non pode volver a suceder que se vexan cercadas, e plantexamos que se fagan reformas legislativas urxentes e realistas que permitan que a través da Xunta de Galicia e ou do Estado se eliminen aquelas especies como o eucalipto e Pino e acacias que se atopan na franxa de entorno de 100- 200 metros dos núcleos. Repito, realistas e urxentes. Hai un exemplo nos últimos anos, en relación co que apareceu nas Neves, 2km dende o epicentro se botou abaixo por Decreto da Xunta e subsidiariamente por parte da Xunta e de TRAGSA todos os piñeiros dese espazo. Non pode ser que os montes comunais estean mellor ou peor ordenados pero en todo caso cun traballador e cunhas directrices máis ou menos claras pero o gran problema é ese colchón de parcelas que están vinculadas entre o monte comunal coidado e os núcleos rurais poboados, hai que tomar medidas e teñen que ser radicais e para sempre, con iso garantiríamos o 95% dos riscos. Unha seguinte cuestión que para nós tamén é clara, é que haxa liñas de axudas realistas e sobre todo que cambien, aproveiten o cambio de mentalidade e a sensibilidade e non volva a suceder, polo tanto creo que hoxe hai aquí unhas propostas de cambio de política forestal, do medio rural e as directrices por parte de Xunta e do goberno do estado, pero especialmente da autonómica que é a que ten as competencias forestais e de medio rural vinculados a un cambio de usos do chan e temos que aproveitar as circunstancias para cambiar o rumbo.

A vaga de incendios e cíclica, pasou no 1989, pasou no 2006 pasou no 2017 e volverá a pasar o que pasou esa fin de semana seguramente se acurtaran eses ciclos, sen dúbida. Vamos a ter verán dende maio a outubro, o clima estase mudando cara un mediterráneo seco e polo tanto

iso supón un cambio de mentalidade porque en contra do que pensabamos en Salceda nos últimos tempos, de que vale vivir no mundo rural se corren perigo as nosas vivendas e as nosa propia vida como está pasando en Portugal, aquí coas 4 mortes, esta pasando en California ou en Florida e está pasando en Australia en toda a rexión de Sidney, isto viu para quedarse e ademais do que tiñamos que facer coa seca da auga, tema importante, temos que aproveitar todos os recursos, no tema agrícola vinculado a viña, e vemos que nos está dando bos resultados este cambio climático nos sector vitivinícola, incluso no sector da Oliveira que se están facendo plantacións. O que si hai que ter claro e que non podemos continuar con políticas que dende logo esquecen que para a subsistencia dos propios núcleos rurais e vilas tamén depende esa xestión conxunta do noso entorno.

Por último, o voluntariado, xa pasou no ano 2006, unha nova visión, a solidariedade, autorganizarnos para apagar o lume, ou como foi para as Comunidades de Montes ou de Augas, por aí ben articulado pode ser unha oportunidade de ouro para ese voluntariado ambiental.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): da lectura da seguinte PROPOSTA:

“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DO MUNICIPIO DE SALCEDA DE CASELAS COMO ZONA AFECTADA GRAVEMENTE POLOS INCENDIOS FORESTAIS ORIXINADOS O 15 DE OUTUBRO DE 2017 E PETICIÓN DE AXUDAS ADICIONAIS.

A ola de incendios forestais que asolaron Galicia en datas recentes tivo unha particular incidencia neste municipio. Concretamente a partir do 15 de outubro, o lume arrasou montes e outros bens públicos e privados en diversas parroquias de Salceda de Caselas. O alcance desta traxedia ambiental obriga aos poderes públicos a adoptar medidas que permitan axudar na medida do posible, ás vítimas e aos seus familiares, a compensar e reparar os danos padecidos e a recuperar os espazos afectados.

Por iso, apelando ao principio constitucional de solidariedade e ao amparo do previsto na lexislación de protección civil e demais disposicións de aplicación, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: *Solicitar do Consello de Ministros a declaración do Municipio de Salceda de Caselas, como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, a causa dos incendios forestais, e a adopción das consecuentes medidas de axuda previstas na normativa aplicable.*

SEGUNDO: *Solicitar á Xunta de Galicia a aplicación das axudas previstas para a reparación de danos causados polos incendios acontecidos en Galicia durante o mes de outubro de 2017.*

TERCEIRO: *Facultar á Alcaldía para levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para levar a debido efecto a acordado. “*

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Bueno, despois da exposición-conferencia que acabamos de escoitar do Alcalde, nas que en moitas podemos estar dacordo noutras non tanto, é certo que cando pasa un desastre medioambiental como sucedeu, como todos sabemos, todos opinamos, todos, e ao final pasa o día e pasa a romaría. Tomaranse medidas como se tomaron

no 2006, como se tomaron no ano 89, o pasado, pasado está. Poderíamos botar toda a noite vendo quen estivo e que non, quen fixo máis, outros non durmiron, outros sacan fotos, outros aplauden e outros facemos cousas erróneas. O importante é mirar para adiante, aprender dos erros e facer autocrítica, todos.

Despois de escoitar o que acabamos de escoitar, a orde do día lle corresponde ao Alcalde configurar pero que nós como membros da corporación nos gustaría haber tido unha comisión para poder facer aportacións ou puntos de vista respecto do que se vai traer a Pleno, hai que engadir un punto, creo, que seguro que o faríamos na Comisión que é respecto das competencias que ten a Deputación, hoxe a mañá, e xa que se falou aquí, no Pleno da Deputación anunciou que vai por unha liña de axudas e eu creo que estaría ben engadir a Deputación xa que afirmou hoxe no Pleno que ía por en marcha axudas.

Tamén sabemos que hai unha moción do PSOE na que solicita axudas a Deputación que imos aprobar que por certo, o PSOE alí votou en contra. Nesta proposición da Alcaldía nos propomos engadirlle, solicitar a Deputación a liña de axudas que ten previstas en marcha.

É o que temos que dicir ao respecto, imos a votar a favor desta petición. Ademais digo que a Deputación, por moito que se diga en materia forestal, na lei 7/1985 no seu artigo 36 letra c, nos municipios de menos de 20.000 habitantes é a deputación a encargada da extinción de incendios, aínda que iso, non quero sacar o que di a lei, non quero sacar importancia a Xunta de Galicia, dende fai anos, pero creo que na xusta medida. Igual que o concello ten competencias en limpeza que se fará con máis constancia, máis ou menos medios, cada concello como pode, pero non quero entrar a valorar, queremos por a realidade, non está demais por ese punto 3 que acabo de mencionar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Dous matices, temos que votar a urxencia porque non houbo comisión informativa e evidentemente pódese emendar. Aínda que non houbo comisión porque xa non entraba a tempo, si se trasladou aos portavoces e tamén comentar que as 6 da tarde de hoxe tivemos unha xuntanza onde se falou someramente do que acabo de expor eu e acaba de dicir Santiago.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O noso grupo estando de acordo nunha porcentaxe alta, incluso no que falamos na reunión das 6 da tarde, basicamente todos os grupos estabamos de acordo case ao 100%.

Vou comezar polo último que dixo o PP, nos presentamos unha moción, debaterase despois no apartado de mocións dos grupos políticos e xa incluimos nesa moción instarlle a Deputación a creación dunha liña de axudas. Teño constancia que o grupo socialista votou en contra da emenda, teño que dicir tamén que antes lle din a noraboa ao compañeiro e gustaríame que o desexo de estar e pelexar polo ben de Salceda o cumpras, e certo que a emenda que presentou o PP na moción da Deputación era exactamente igual a do grupo socialista neste concello. Entendo que lla trasladaras ao concello con tanta prontitude. Esperemos que a partir de agora, sexas capaz de facer o traballo como Deputado sen ter que copiar o noso. En canto ao demais, volvo a dicir o mesmo, espero de corazón estas a altura do cargo polo ben dos veciños.

En canto ao tema da xuntanza mantida as 6 da tarde eu teño que dicir, primeiro, que todos os grupos representados, os concelleiros, fixemos todo o que puidemos no tema dos incendios, descordinados todo o mundo, non había un mando único. O grupo socialista na miña persoa, a

través da voceira, foi pórse a disposición do goberno cunha chamada o domingo ao Alcalde, e a verdade facendo o que puidemos. Si quero dicir que o grupo socialista enviou unha mensaxe ao Alcalde e ao voceiro do grupo popular dicindo que o grupo socialista cría convinte celebrar unha reunión por culpa do que estaba a pasar, o martes xa despois dos incendios fixemos unha solicitude para manter unha reunión con copia ao voceiro do PP, este martes, unha semana despois dos feitos voltamos a facer un rogo introducindo para debater o tema da xuntanza, entendo que as veces hai presas, así mo comunicou o Alcalde a través dunha mensaxe pero tamén entendo que tal e como dicía o Alcalde, xuntouse cos alcaldes da área de Vigo, xuntouse co grupo do GDR Condado- Paradanta, estivo en Santiago no Parlamento cos Alcaldes do país, visitou a zona afectada coa Presidenta da Deputación, visitou a zona afectada cos Parlamentarios de En Marea e estivo reunido coas comunidades de montes, estivo reunido coas traídas de auga, estivo reunido cos voluntarios. Eu creo que é unha falta de respecto e estando totalmente de acordo coa solicitude e o que se propón, si que debeu ter tempo para reunir a corporación e non esperar hoxe as 6 da tarde antes do Pleno. Representamos aos veciños, respetamos o traballo do goberno e nos puxemos a súa disposición pero tamén entendo que se nos tiña que ter convocado antes.

Dito isto, non nos importa para nada, incluír instar a Deputación, esta tarde nos dixeron que ían por a disposición a liña de axudas, nolo comunicaron xa o fixemos na moción, non temos impedimento para que se solicite. Para rematar, entendo que é unha situación complicada para todo o mundo, pero quizás os políticos nos toca traballar e facer desta desgraza unha oportunidade e mellorar aquilo que non funciona. Non sei se no ano 2006 se tomaron medidas, pero demostrouse que esas medidas non son suficientes e se demostrou os días 15 e 16 de outubro co que pasou en Salceda e en toda Galicia, co cal, intentemos facer entre todos de esta desgraza unha oportunidade. Pola nosa parte nada máis.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Esta proposición e o fin desta proposta, se é que sae aprobada, é buscar o beneficio da veciñanza nesta desgraza que aconteceu a pasada fin de semana. Como ben explicou o Alcalde se abre unha vía de axudas ou apoios aos damnificados que poida haber no noso concello que pode ser compatible coas axudas privadas de seguros e outras axudas mancomunadas que haxa. No tocante a axudas económicas, a comunidades de montes, a propia corporación municipal e precisamente con esta proposta, si se declara zona de emerxencia de protección civil, se abren máis posibilidades para estes colectivos.

En canto a xestión no acontecido o fin de semana todos aportamos o que estaba nas nosas mans, e non vou entrar a valorar, o que si quero agradecer publicamente é que quen actuou e se leva todo o recoñecemento foi a cidadanía, sen eles a desgraza sería moito maior, porque os miramos en todas as parroquias, dende Soutelo, Budiño, Parderrubias, San Xurxo, Picoña e incluso veciños de outras parroquias non afectadas, a Santa María non lle afectou moito e Entenza, son os que realmente deben levar o mérito desta acción.

No tocante de introducir instar a Deputación estamos abertos a introduci-lo, todo tipo de axuda e apoio que veña de institucións estamos dispostos a loitar por ela.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pasamos a votación da urxencia e logo emendamos o texto, incluímos a frase exacta para que quede en acta e posteriormente votamos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Respecto o que dis Verónica, aínda que non é o día nin a hora, pero insistes, aclararche varias cousas, primeiro, eu tomei posesión hoxe como deputado polo que antes non puiden traballar ata hoxe a mañá na Deputación. Segundo, resulta que o seu partido e o goberno da Deputación vota en contra de algo que nós imos a votar a favor aquí a proposta dunha moción do PSOE, esa é a incoherencia. Incluso se citou o sentido do voto deste grupo nese pleno co meu permiso, do meu grupo ao goberno socialista na Deputación para dicirlle que os seus compañeiros en Salceda presentaron unha moción instando a Deputación e nos vamos a votar a favor dunha medida que nos parece sensata e coherente, faltaría máis. Iso non significa que como vostede dixo erroneamente, a emenda presentada polo PP sexa exactamente a que vostedes presentaron recollida no punto nove, non é a mesma, a intencionalidade é a mesma por suposto, que é solicitar que a Deputación preste axuda aos colectivos afectados pero literalmente non é a mesma así que, non se envalentone ao respecto, que o grupo provincial socialista vota en contra dunha proposta que trae o seu propio grupo en Salceda, o problema non o ten o PP nin provincial nin local, en tal caso, terano vostedes e tamén van ter os cidadáns da provincia de Pontevedra. En todo caso digo, non é cuestión de entrar en polémicas senón de aclarar as cousas pero creo que a súas manifestacións non procedían, hai que saber as realidades das cousas e o que alí se falou, vostede non estaba e eu si estaba alí.

Remato, o importante é que a Deputación aínda votando en contra deso, logo abre unha liña de axuda. Non vou falar nada máis dese Pleno porque non corresponde aquí. O importante, estamos de acordo en instar a Deputación, a Xunta está traballando neso e o Ministerio e Consello de Ministros igual como faría calquera outro goberno ao respecto. O importante é que acertemos todos no que acabamos de falar hoxe aquí e mellorar cara o futuro todo o que abrangue ao tema do monte, a prevención, o plan de apagar os lumes, etc.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿Algo que engadir?

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Entendo que se a Deputación fai un anuncio de unhas liñas de axuda, non vai en detrimento dos cidadáns da provincia de Pontevedra.

Agradezo o apoio presentado na nosa moción e é verdade que no Pleno se lle pediu co permiso do Deputado presentar a emenda que era a que se presentaba en Salceda.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Eu si lle pido ao Deputado Santiago que cando vaia aos Plenos defenda aos veciños e veciñas de Salceda e non a posturas partidistas, é un desexo que se pode facer extensible a todo o mundo, aínda que sabemos como funciona a actividade parlamentaria. Que os deputados provinciais defendan os intereses dos veciños.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta coa inclusión da enmenda que consiste en “incluir un punto máis á proposta: Solicitar a Deputación de Pontevedra axudas para a reparación dos danos causados polos incendios”; e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Solicitar a Deputación de Pontevedra axudas para a reparación dos danos causados polos incendios

SEGUNDO: Solicitar do Consello de Ministros a declaración do Municipio de Salceda de Caselas, como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, a causa dos incendios forestais, e a adopción das consecuentes medidas de axuda previstas na normativa aplicable.

TERCEIRO: Solicitar á Xunta de Galicia a aplicación das axudas previstas para a reparación de danos causados polos incendios acontecidos en Galicia durante o mes de outubro de 2017.

CUARTO: Facultar á Alcaldía para levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para levar a debido efecto a acordado.

3. Expediente 2343/2017. Proposición de declaración especial de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico- artísticas ou de fomento do emprego (novo centro de saúde).

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Na pasada Xunta de Goberno aprobouse a licenza do novo Centro de Saúde, e na parte fiscal, están exentos da taxa e en canto ao imposto existe a posibilidade se por parte do Sergas o decide, de solicitar a bonificación de ata o 95% a favor do centro de saúde. Con data de 23 de outubro ten entrada ese escrito, en base o cal solicitan ao Concello de Salceda a aplicación da ordenanza fiscal reguladora sobre o ICIO da bonificación do 95% polo disposto no Real decreto 2/2004 reguladora das Facendas Locais a favor de construcións de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico- artísticas ou de fomento do emprego, visto o anterior solicitamos ao Pleno a declaración para que sexa aplicable a bonificación do 95% para a construción do novo centro de saúde de Salceda.

Non había tempo de metelo nunha comisión informativa, pero si se lle trasladou aos grupos. Ten a palabra o Concelleiro de área, Jose Luís.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): O que se trae a Pleno e a declaración da obra do centro de saúde como obra de especial interese, ben sexa de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico- artísticas ou de fomento do emprego, neste caso sería por circunstancias sociais, para elo a nosa ordenanza municipal reguladora sobre o imposto de construción, a nº 24 contempla es bonificación nun 95% dese imposto é o máximo que establece a lei.

Por outro lado, como por todos é sabido toda a obra urbanística no momento de conceder a licenza conleva o pago da taxa de obras que xa de por si, xa está exenta para aquelas obras feitas pola administración, neste caso o SERGAS e no caso do ICIO para poder aplicar esa bonificación hai que previamente declarala polo Pleno de utilidade e interese social. Houbo un cambio de interpretación respecto doutras exencións que se tiñan traído a este plenos, un cambio de interpretación da interventora, no tocante a que tiñamos traído a bonificación e ao mesmo tempo determinabamos a declaración de interese social, neste caso se sae adiante o que se vai dar traslado aos servizos técnicos é o acordo plenario e a bonificación do 95%.

Esta bonificación se aplica ao orzamento de execución material da obra, presupostada 1.240.000€ o ICIO supón un 2.75% dese orzamento de execución material 33.533€ e a bonificación do 95% supón unha bonificación para o SERGAS de 32.417€ tendo que ingresar 1.116€.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Dicitur que os datos que está mencionando o señor Concelleiro no expediente que ven a Pleno non veñen. Está aportando datos que nós non temos.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Xa sei que non están no expediente. Estes datos dounos eu, non mos pasou ningún servizo técnico, fíxenos eu aplicando unha porcentaxe.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Esperemos que estean ben calculados. Imos votar a favor e non porque sexa unha administración pública, a redución deste imposto foi algo que nos insistimos que se lle aplique o 95% e non o 50%.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Pola nosa parte, como en todas as obras de este tipo, e máis ca do centro de saúde, por suposto imos votar a favor. Dito isto, comentar que nas últimas semanas os trámites do centro de saúde van rápidos por parte dunha administración e de outra. Os 525.000€ non están nos orzamentos, non estou aquí para recordarlle a todos o que pasou na prensa esta semana, pero por favor, que todos os grupos políticos, que unha vez aprobada a licenza, recepcionados os terreos e aprobada agora esta bonificación deberíamos esixirlle a Xunta unha partida para esta obra.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Simplemente matizar o que levamos dito durante moitos anos, dentro dun ano que vostede e eu esperemos, sigamos neste Pleno falaremos. Dentro dun ano falamos.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) O que se está falando é a bonificación do ICIO. En ningún momento o PSOE non dixo que se ía a facer ou non, xa que non está nas nosas mans, volvo a repetir. Se se vai dedicar algo a ese centro de saúde, se se vai facer ou non facer ninguén dixo iso, o único que dixemos é que se anunciaron 525.000€ para o Centro de saúde que non aparecen nos orzamentos da Xunta. Os 525.000€ anunciados nunha rolda de prensa en Mos ou O Porriño non están e senón podeades ir buscando e me decides onde están. Non estamos no punto para falar iso pero si para pedir unanimidade que esta necesidade tan importante para Salceda, se fagan emendas para que aparezan ante o grupo de goberno que estimen oportuno, entendo que En Marea ou os do grupo popular emenden os orzamentos despois de anunciar o texto e aparezan os 525.000€. E todo o demais e adornar esta situación como o PP queira. Podes personalizar na voceira socialista o que queiras, pero os 525.000€ non van aparecer nos orzamentos dese xeito, aparecerán ser o goberno da Xunta de Galicia ten a ben acoller as emendas do grupo socialista, que traballamos e ímolos presentar polo ben de Salceda.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Dada a importancia do asunto e aclarar aos veciños que están aquí. Voulle pasar a nota orixinal que nós lle pasamos a prensa, dito isto, mire nos orzamentos municipais para o Concello de Salceda ¿aparece unha partida por cada un dos concelleiros do que imos a cobrar cada un ou aparece, por por un exemplo, unha partida

xenérica contra o que o concelleiro de facenda autoriza? ¿Aparece o seu nome no orzamento municipal? Vostede cobra coma min as asistencias a Plenos e Comisións contra unha partida xenérica. O mesmo ocorre co centro de saúde. O centro de saúde está na partida xenérica da Consellería de Sanidade. Iso significa dúas cousas: que se poida executar si se teñen os terreos, que agora si, e iso significa que como pasou no seu momento cunhas inversións no noso concello do Estado, se executaron ou non se executaron. A garantía que se execute non é que apareza unha partida no orzamento. Eu como veciño o que me importa é a realidade, movemento de terras e obras, non o garante que apareza nunha partida, o que o garante é que se execute. Ano 2018. O alcalde asinou en nome de esta corporación fai uns días en escritura pública en plena propiedade, agora é a Xunta a plena responsable da construción. Polo tanto, dende o minuto un a Consellería apretou o acelerador, como vostede recoñeceu, non vai comezar a obra o 1 de xaneiro nin o 1 de febreiro, hai un trámite administrativo porque non vaíamos agora a pensar, que hai un trámite de licitación dunha obra, que non vai por Decreto do Alcalde dunha obra de 45.000€ nun sitio calquera de Salceda. Polo tanto, hai uns prazos, polo tanto non vaíamos a dicirlle aos veciños que no mes de abril vai haber obras, porque estamos enganando. O que si lle podo dicir, que no ano 2018 os veciños poden comprobar que o centro de saúde comeza as obras.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) O que non se pode e dar unha rolda de prensa dicindo que hai 525.000€ se non os hai, non sei se o voceiro do PP cando o dixo era consciente ou leu a nota que lle pasaron. O que hai na memoria é un corta e pega exactamente dos orzamentos do 2017. No 2017 aparecía exactamente o mesmo que aparecen para o ano 2018. A realidade é outra o que lle pido ao voceiro do PP e que emende os orzamentos da Xunta e que eses 525.000€ sexan para o centro de saúde de Salceda e os grupos parlamentarios poidan fiscalizar se se cumpre a obra ou non porque sabe vostede que se non aparecen os 525.000€ para o centro de saúde de Salceda, non teñen os grupos parlamentarios como fiscalizar si se fixo ou non porque non aparecen na lei de orzamentos. Non sei se os compañeiros do PP cando fixeron a rolda de prensa non sei se eran conscientes de todo iso ou se dedicaron a reproducir o que lle dixeron e dentro dun ano falamos e oxalá este grupo de verdade, contemos que se iniciaron as obras de verdade. Ata agora nunca chegaran a prensa con iso, que estaban nos orzamentos da Xunta.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Esta claro a posición de cada quen, o que si teño claro que iso quen o vai fiscalizar son os veciños de Salceda si se cumpre ou non se cumpre. Este Pleno por suposto, a parte executiva, o Convenio o 26 de marzo de 2016, que marcaba un espazo de 3 anos e estamos nese libro de ruta. A información que teño que non é a través dos grupos parlamentarios, é directamente coa Consellería vai nese libro de ruta e xa o verificaremos os veciños de Salceda e eu o primeiro por ser a miña obriga e imos a empurrar para que sexa canto antes.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): da lectura da seguinte PROPOSTA:

“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

A urxencia da inclusión na orde do día do presente Pleno débese a necesidade de declarar de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais,

histórico-artísticas ou de fomento do emprego a construción do novo Centro de Saúde de Salceda de Caselas a efectos de que se proceda ao inicio das obras na maior brevidade posible, dada a concesión de licenza urbanística por Xunta de Goberno Local.

A imposibilidade de proceder ao ditame pola comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda deriva da data de rexistro da solicitude, dado que consta presentada o 23/10/17.

Polo tanto, vista a solicitude da Consellería de Sanidade da data 23 de outubro de 2017 pola que solicita a aplicación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, sobre a bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do RDL 2/2004, reguladora das facendas locais, a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración

PROPOÑO

Primeiro.- *Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego a construción do novo Centro de Saúde de Salceda de Caselas.*

Segundo.- *Notificar a declaración de especial interese ou utilidade municipal á Consellería de Sanidade e a Tesourería Municipal.*

TERCEIRO. *Dar conta á Comisión Informativa de asuntos comprendidos na Orde do Día do Pleno, cumprindo o establecido no artigo 126.2 do ROF."*

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adaptando os seguintes acordos:

Primeiro.- *Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego a construción do novo Centro de Saúde de Salceda de Caselas.*

Segundo.- *Notificar a declaración de especial interese ou utilidade municipal á Consellería de Sanidade e a Tesourería Municipal.*

TERCEIRO. *Dar conta á Comisión Informativa de asuntos comprendidos na Orde do Día do Pleno, cumprindo o establecido no artigo 126.2 do ROF."*

4. Dar conta dos Decretos dende o 2017-0522 ao 2017-0772.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): son os Decretos que como Alcalde asino entre os Plenos ordinarios, basicamente é o traballo é as decisións do día a día.

5.Mocións grupos políticos, no seu caso.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Hai unha serie de mocións presentadas vamos

por orde.

1ª MOCIÓN: SOBRE IMPOSTO DE PLUSVALÍAS, PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSDEG- PSOE

O primeiro o 17/11/2017 con nº Rexistro 6051 é unha moción presentada polo PSdeG- PSOE referida ao, que é a mesma que se presentou no seu momento, vou apelar letra por letra e punto por punto o que dixeran. Invoco e fago meu o informe de Intervención nº EMP 144/16 que como dixeran naquel momento ha de prestarse especial atención a aquelas iniciativas normativas que supoñan gastos, diminución de ingresos, que teñan tradución económica e que, polo tanto, podan precisar de modificacións orzamentarias. Neste caso estimase que a reserva que a lexislación reguladora das facendas locais fai respecto da iniciativa orzamentaria na Alcaldía, impediría que sen a conformidade desta as iniciativas normativas, polo que a este importantísimo aspecto se refire, tiveran un efecto máis alá da mera proposta ou solicitude ao goberno municipal e, máis concretamente, á propia Alcaldía. Unha interpretación contraria suporía a inversión da devandita reserva, xa que por esta vía calquera concelleiro podería de facto instar unha modificación orzamentaria e, chegado ao extremo e por sucesión, mesmo cambiar completamente o Presuposto da entidade localizando, ao fin, a iniciativa orzamentaria no propio Pleno, fronte ao precepto antes mencionado. Por outro lado a ordenación do orzamento correspóndelle segundo o artigo 168.1 a propia alcaldía.

Por outra banda tanto os informes de secretaria como os informes de intervención dado que non houbo unha reforma lexislativa da que se falaba e fala, non existe, e dado que o imposto de plusvalía, agás nos casos nos que o Tribunal Constitucional, no que repito, é o Estado o encargado da reforma lexislativa e dicir en que circunstancias se ten que apreciar, non se pode neste caso minguar os dereitos, neste caso do concello de Salceda como moi ben repite sistematicamente a interventora, non podemos mermar os ingresos porque se está pondo en perigo a estabilidade orzamentaria e os compromisos adquiridos.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Eu quero que conste en acta que acaba de leer o alcalde un informe do ano 2016 que nada ten que ver co informe que fai a intervención para esta moción.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Solo leín unha parte.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) O informe de intervención feito exactamente para esta moción di a conclusión que, a vista de todo o anterior as entidades locais poden optar entre non liquidar o imposto para o caso que o contribuínte manifeste a ausencia de incremento de valor coas malas consecuencias que terá en recadación, con malos ingresos, dende o punto de vista da suficiencia local ou ben arriscarse a liquidalo pese ao anterior, polo tanto, ao meu entender, a sentenza de maio non obriga a derogación da ordenanza sobre o imposto do incremento de valor de natureza urbana se ven e dado que se trata dun imposto de carácter potestativo e isto non permite que as entidades locais poidan proceder a súa derogación cando estimen oportuno. Non vou a ler máis porque xa o dixo o Alcalde, o que si solicito e que conste en acta o que acabo de ler, solicito tamén amparo de secretaria porque non se levou esta moción a comisión informativa para ser ditaminada a pesar de solicitar a convocatoria da comisión ao alcalde e a secretaria municipal xa que consideramos que se están a vulnerar os dereitos da oposición.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Unha cousa é que o Pleno teña a potestade de decidir, sabemos que o imposto de Plusvalía é un imposto non obrigatorio por lei, e logo outra cousa é quen ten a capacidade de iniciar o procedemento, que é o que invoco eu, porque incide no orzamento, tanto apelo a informes de intervención anteriores da mesma cuestión e informes que falan de sentencias xudiciais que avalan a miña posición, estase minuscabando a capacidade e pondo en perigo o orzamento, segundo o artigo 168.1 son eu quen ordena a conformación dos orzamentos. Como xa quedou comprobado noutras ocasións, o único que se pretende é entorpecer a labor de goberno con este tipo de iniciativas sistemáticas que poñen en risco, e eu teño a obriga dentro das miñas capacidades, de que iso non suceda, non vou permitir que se siga bloqueando a acción de goberno. É a segunda vez que se fala deste tema, xa se debateu o tema noutro Pleno. Independentemente diso non vou permitir se abuse por riba dos dereitos dos veciños que eu teño que defender na parte executiva. Sabedes que houbo un período vacacional no medio da secretaria municipal, sabedes que está de baixa por maternidade a interventora e que so temos a interventora acumulada de Gondomar que ven un día a semana, sabedes que imos a toda pastilla para executar todas as subvencións que están nos distintos plans provinciais, que por certo, imos con bastante retraso. Como dicía antes Santiago, o tema de contratos, respetando a lei, non se executa por Decreto de Alcaldía e se decide cando fai a obra, depende de toda unha tramitación burocrática, por certo cada vez máis lenta e ademais se non contamos cos técnicos que obrigatoriamente teñen que emitir os seus informes y cunha situación vinculada a Lei Montoro na que a figura do interventor é fundamental, si temos unha persoa unha vez a semana non podemos abusar por riba dos intereses dos veciños que defende o executivo pedindo sistematicamente informes.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Vostede leu un informe do ano 2016 que non ten que ver coa moción presentada.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Os informes de secretaria e intervención feitos desaconsellan polo momento derogar a plusvalía.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O informe de intervención non chegou a tempo para a comisión informativa, se solicitou no pleno de xuño. Vou resumindo, o que me está pedindo señor Alcalde con isto dos informes e que nos sentemos aquí e cobremos, nada máis. O que se nos está pedindo e que non traballemos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Eu teño que defender os intereses dos veciños e do executivo.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Alcalde, unha cousa, sabemos que vostede é o competente para elevar o Pleno pero vostede tamén pode autorizar ao Pleno a votar e decidir se a corporación quere ou non. O que vostede está adornando é xustificar o inxustificable, efectivamente o informe de intervención di que si se diminúen os ingresos, que é ao que vostede se aferra hai que reducir gastos, pero igual non se trata de reducir e si de redistribuír, o que se plantexa por parte do grupo socialista suporían para as arcas municipais máis menos 5.000€ e vostede o goberno, ten que ver se vai deixar de ingresar 5.000€ porque lle imos dar un beneficio aos veciños que van deixar de pagar unha plusvalía, teremos que ou terán que, como goberno traer ao Pleno dous cousas, ou ben unha redución de 5.000€ en diferentes partidas ou redistribuír eses 5.000€ na partida que deixan de ingresar. Agora vostede non veña aquí con películas e intentar xustificar, escudándose en que pon en perigo as contas do

concello, etc. iso é todo palabrería, a realidade é a que é, deixaríase de ingresar 5.000€ aproximadamente, é o que se leva ingresado nos últimos anos. Dicar vostede, que en momento puntuais diferentes funcionarios deste concello se lle acumule o traballo sen ningún problema, é entendible e razoable. Outra cousa é que durante os últimos dez anos dicir sistematicamente que os funcionarios non poden porque teñen moito traballo.. os funcionarios cumpren o orden que vos lles marcades.

Non podemos permitir que sistematicamente se ampare detrás dos funcionarios e traballadores botándolles diante que a culpa son deles, non. Nós tamén falamos cos traballadores do concello e nos imos por alí e lle preguntamos a señora X mire que nos pedimos isto e din non me trasladaron nada, non me deron orde de facelo, iso pasa Alcalde polo tanto vamos a ser serios. E remato vostede repita comigo, "eu como alcalde non quero reducir aos veciños esa cantidade", e todo o mundo entende. Non é que non poida, e que non quere. Nada máis.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pasamos ao seguinte punto, a moción 6208 do 24 de outubro que fala da vaga de lumes que asolou varias zonas de Galicia entre elas Salceda, do grupo socialista.

2ª MOCIÓN: PROBLEMÁTICA DA PROLIFERACIÓN DO EUCALIPTO, PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSDEG- PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) A moción que presentamos ten relación coa problemática da proliferación do eucalipto que vou dar uns datos que despois do acontecido, non están actualizados. A moción xa estaba preparada pola súa importancia. Queríamola traer a este Pleno e non esperar ao de decembro polo que pode existir algún dato que estea mal. Ao final o que temos que aprobar son os puntos da moción e cada grupo, supoño terá que facer aportacións.

A exposición de motivos faise un pouco longa porque son moitas a que recolle vouna intentar lela rápido:

O Eucalipto rexistrou unha forte expansión en Galicia nas últimas décadas. Neste momento somos a Comunidade Autónoma con maior superficie de eucaliptais do Estado. No primeiro Inventario Forestal Nacional (1972-73), o eucalipto estaba presente nun total de 131.181 ha. No segundo Inventario, (1997-98) a superficie ocupada esténdese ás 396.344 ha. o que supoñía nese momento o 28% da superficie arborada galega.

En vista dos datos provisionais dispoñibles, a finais do 2015 a superficie ocupada por eucaliptais podería achegarse as 500.000 ha.

As plantacións de eucaliptos en Galicia supoñen máis da metade das existentes en todo o Estado e se falamos da península ibérica, localízase o 53% da superficie mundial de "Eucalyptus globulus", mais que en toda Australia.

O aumento imparable do eucalipto relacionase co abandono agrario e co declive do medio rural galego. A falla dun modelo produtivo sustentable, multifuncional e socialmente inclusivo, fai que o destino dos montes e terras agrarias sexa o monocultivo, nomeadamente de eucalipto, substituíndo as frondosas autóctonas. E isto acontece ante a

pasividade das administracións e o incumprimento das normas.

A crecente inqueda social pola impar3ble extensión do eucalipto fai precisa dunha reacción por parte da cidadanía galega e por suposto, da Xunta de Galicia e o Goberno do Estado.

Tendo en conta que a Superficie Agraria Útil en Galicia é de 8,4 ha por explotación mentres que no estado chega ás 24,7 e que nos últimos anos desapareceron no noso país unhas 1.200 explotacións, estamos a falar de 10.000 ha que en grande parte teñen sido ocupadas polo eucalipto diante da pasividade da Xunta de Galicia.

As consecuencias destas políticas sobre o agro, o monte e a sociedade galega son catastróficas: Abandono do medio rural, empobrecemento da biodiversidade, perda de fertilidade, aumento da erosión, escaseza de auga, maior intensidade dos lumes forestais, perda no patrimonio arqueolóxico...

Todos estes datos expostos son sen ter aínda a avaliación de danos dos incendios acontecidos en toda Galicia entre os días 14 e 17 de outubro.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas presenta esta **MOCIÓN**, para a súa aprobación polo Pleno da Corporación solicitando a adopción do seguinte acordo,

1.- Esixir da Xunta de Galicia e deste concello nas competencias que lle correspondan, unha moratoria para novos plantíos de Eucalyptus: Ao igual que o ten feito Portugal, debería prohibirse a ocupación de novas terras con especies do xénero Eucalyptus, cando menos ata que se avalíen os impactos desta árbore sobre os ecosistemas naturais logo de 40 anos de monocultivo intensivo, se realice o inventario de masas de frondosas autóctonas e se redacte un novo Plano Forestal que ordene os aproveitamentos do monte con criterios de sustentabilidade. Ademais debería aplicarse estritamente a Lei de Montes para impedir a deforestación de terras agrarias e os plantíos sobre hábitats de interese.

2.- Que a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e o Concello consideren ao Eucalyptus nitens como unha especie exótica e invasora, perigosa para o mantemento da biodiversidade e a funcionalidade nos nosos ecosistemas en virtude da sentenza 00274/2014 da Sección Primeira da Sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Nacional. Xa que logo, prohibir o seu cultivo en todo o territorio galego e poñer en marcha un plano de control e erradicación naquelas áreas nas que xa estea presente. En consecuencia e tal e como ocorre con outras especies invasoras, Estado e Xunta deberían incluír a esta especie no catálogo e prohibir a súa plantación, tráfego e aproveitamento para preservar a integridade do noso patrimonio natural.

3.- Que se poña freo aos cultivos enerxéticos no novo Plano Forestal. O aproveitamento da biomasa forestal con fins enerxéticos non pode ser un obxectivo en si mesma. Debe estar orientada á prevención dos incendios e a servir de apoio aos tratamentos silvícolas para producir un incremento dos volumes de madeira de alta calidade e favorecer a conservación dos ecosistemas forestais e as condicións sanitarias dos bosques galegos. O aproveitamento da biomasa, consonte con estes criterios, debería reverter nas comunidades locais, como un complemento máis das iniciativas vencelladas ao territorio e non converterse en obxecto de

especulación por parte das grandes corporacións. Neste senso, os denominados cultivos enerxéticos (plantar- queimar- plantar), deben tar ausentes das políticas agro-forestais.

4.-Que a Xunta de Galicia leve a cabo o cumprimento estrito da lexislación para impedir a deforestación de terras agrarias e os plantíos sobre hábitats de interese: A prohibición de deforestar as terras agrarias deberá ser respectada aplicando as correspondentes sancións aos infractores. A administración debería iniciar un proceso de reversión, mesmo mediante a execución subsidiaria, para que as terras agrarias hoxe ocupadas por plantacións forestais retornaran ao seu uso orixinario. Esta iniciativa debería complementarse cun plano de ordenamento territorial e de orientación de cultivos para potenciar a mobilidade das terras e o correcto aproveitamento da superficie agraria útil. Tamén resulta fundamental garantir o cumprimento das normas e que impiden substitución de carballeiras e doutro tipo de formacións e hábitats de interese por eucaliptais, revertendo as afeccións e restaurando as funcións ecolóxicas destes espazos.

5.- Que a Xunta e o Estado establezan unha fiscalidade verde para o eucalipto.- O aproveitamento intensivo desta especie comporta o deterioro de servizos ecosistémicos que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo ou a calidade paisaxística, son importantes para a vida e o mantemento das actividades económicas da nasa sociedade. Os eucaliptais inciden tamén na maior frecuencia e intensidade dos lumes; na contaminación de terras, ríos e rías con agro químicos e subprodutos das celulosas, no empobrecemento da biodiversidade e no avance da erosión, provocando perdas económicas directas. Tamén o eucalipto contribúe a fosilizar importantes cantidades de recursos públicos: o PLADIGA (Plano de loita contra o lume) ,custa anualmente máis de 150 millóns de euros. En consecuencia, o aproveitamento do eucalipto debera estar gravado cun imposto que contribuíra a revertir os danos que provoca no medio e as perdas económicas que este modelo causa á sociedade.

6.- Que a Xunta de Galicia prohiba as novas plantacións e a repoboación con especies de xénero Eucalyptus nos espazo pertencentes á Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP).- Así como naquelas áreas con presenza de hábitats e especies incluídas na Directiva 92/43 CE.3.

7.- A eliminación de eucaliptos ventureiros ou asilvestrados fóra de plantación, en virtude do artigo 52.2 da Lei 42/2007 de 13 de decembro do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e do RD 630/2013 de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, a tenor da Disposición Adicional Segunda.

É un pouco longa, igual quere alguén facer unha aportación. Como dicía o alcalde na reunión que mantivemos as 6, temos que aprender un pouco do acontecido non so en Galicia se non en Portugal. É unha moción que traballamos cos compañeiros de Pontevedra e se aprobou alí. Entendemos que podemos tomar o acordo aquí e se puidera ser por unanimidade.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS): O noso grupo vai apoiar claramente a moción, si que hai algún

dato que non está ben, agora xa hai un 4º inventario nacional que foi publicado o 14 de maio de 2013 e que, non agravou en exceso esa superficie que hai de cultivo de eucalipto. Obviamente, onde máis eucalipto globulus vai ser en Australia, que é país de onde procede.

No que se fundamenta a moción, claramente hai que facer un stop co eucalipto, porque o importante é que aqueles lugares onde estaban habitados por outro tipo de especies, non sexan utilizados como terra de cultivo para isto e sobre todo, é un bo arbore para o rendemento da madeira, e a madeira se utiliza para a trituración para ENCE, este aproveitamento que se fai para 15 anos é o que empobrece ao chan, entón tamén ten que ver para que se usa o eucalipto.

Comentar que neste 4º inventario forestal si se fixo o inventario de masas frondosas e autóctonas. É alarmante a hora de comparación, en Ourense hai algúns puntos de eucaliptais as provincias de Coruña e Pontevedra son as que presentan máis eucaliptais. Creo que a política forestal debe ir encamiñada a que esta especie non sexa a dominante, xa que os as veces parece que estamos nos montes de Australia e non nos montes galegos. Si se pode utilizar superficie para o eucalipto, pero non máis da que se está utilizando e hai que ter coidado que zonas. Logo se comenta que o eucalipto nitens se utiliza para a biomasa si se incrementou para un uso enerxético, sobre todo nas zonas do norte. A grandes rasgos non hai nada máis que comentar, todos estivemos na loita contra o lume e puidemos ver como a cortiza do eucalipto ten maior capacidade para propagar os lumes, entón si que vemos que o eucalipto espalla o lume nestas situacións co cal, hai outras especies que poden servir de cortalumes como son as nosas especies autóctonas e se puido comprobar como nalgunhas zonas así o fixeron.

Sen máis, comentar que imos apoiar a moción e simplemente comentar algúns datos de actualización.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Nótase que eres enxeñeira forestal.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Boas noites, o que nos chamou moito a atención foi o cambio de postura, deunos a entender na reunión que mantivemos as 6 que a posición ia a ser outra pero vexo que non. Este é un tema que ten moitas opinións, incluso nós dentro do noso grupo temos opinións distintas con respecto ao tema do eucalipto. Estou convencido que as 40-50 persoas que estamos nesta sala se lle preguntamos un por un vai dar un punto de vista distinto. Temos varios puntos nos que estaríamos todos de acordo, na área de influencia das casas, zonas húmidas, na miña modesta opinión, creo que o tema do eucalipto vai máis alá deste Pleno, que o deberían solucionar outras administracións chamase Administración Autonómica, os concellos a través da FEGAMP, os técnicos forestais e propietarios de montes tanto comunidades como particulares. Para min o eucalipto non é un demo, hai que ver en que zonas se pode plantar, facer unha planificación da plantación, unhas franxas de seguridade e creo que pode ser compatible con outras especies autóctonas. Fai 40 ou 50 os nosos avós estaban esperando a corta de madeira tanto de eucalipto para facer un pouco de caixa, hoxe por desgraza non é así, os prezos que ten a madeira son irrisorios, creo que é un dos problemas entre outros, o minifundismo por exemplo, que temos nos na nosa zona, para min é un problema, o prezo, outro problema e a circunstancias da vida cambiaron, fai 40-50 anos limpábanse máis os montes e son circunstancias que axudan a que haxa máis lumes. Hai que recoñecer que o eucalipto é unha bomba, pero insisto, que sería compatible coas nosas especies autóctonas pero controlado e planificado.

Fala a moción tamén do aproveitamento da biomasa, a biomasa agora mesmo por desgraza non é rendible, habería que cambiar o sistema, agora mesmo non é rendible, as contas non saen. Levar a fiscalidade do eucalipto vai ser complicada, porque se temos parcelas de 500m, 600m, vai ser complicado. Sen embargo se se plantexara a nivel xeral, sabemos que leva o seu tempo e o seu custe, propor unha parcelaria dos montes, ao mellor habería propietarios dos montes que si lle poderían sacar máis rentabilidade.

As Comunidades de Montes, unhas máis e outras menos, todas teñen un proxecto de ordenación, na maioría dos casos se segue, por ese lado estamos bastante ben. A parte particular é onde temos o problema, mentres non se planifique, o problema dos lumes ímolo a seguir tendo.

A maioría dos puntos que están recollidos aquí, están na lei 7/2012 de Montes, é certo, eu recoñezo que non se está aplicando, habería que estar máis vixiantes coas plantacións que se están facendo a beira das casas.

A nosa posición e de abstención, pero non porque esteamos a favor do eucalipto, senón que este tema sobrepasa o ámbito deste Pleno, deberían ser outras administracións, outras persoas. Que nós nos posicionemos a favor ou en contra non nos parece o máis axeitado.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Simplemente que o goberno autonómico, que ten que tomar medidas sobre iso que o faga para iso presentamos isto. Despois do que pasou, é hora de tomar medidas, podemos facer dun desastre unha oportunidade, co cal os que teñen que legislar, que é a Xunta, nos instamos dende aquí a que o faga. En canto ao sentido do voto, dicir que no Concello de Pontevedra o PP tampouco apoiou a moción, si os outros grupos pero bueno, respetando a opinión de cada un, está claro que o que pode crecer debaixo dos eucaliptos non é o mesmo que crece debaixo dun carballo ou un castiñeiro e iso demostrouse cos lumes acontecidos. Creo que a moción e extensa como para engadir máis datos. Esperamos que o goberno galego tome medidas e en relación con isto tamén. Nada máis que engadir.

O Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS) somete a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobadaa por OITO VOTOS A FAVOR dos/as Sres/as. Concelleiros Castiñeira Alén, Pérez González, González Rodríguez, González Gónzález, Pérez Pérez e Besada Pérez do MS e de Tourón Domínguez e Ledo Souto do PSDG-PSOE e CINCO ABSTENCIÓNS dos Sres/ras Concelleiros/as Rodríguez Dávila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Souto e Válcara Bernández do PP., adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Esixir da Xunta de Galicia e deste concello nas competencias que lle correspondan, unha moratoria para novos plantíos de Eucalyptus.
- 2.- Que a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e o Concello consideren ao Eucalyptus nitens como unha especie exótica e invasora.
- 3.- Que se poña freo aos cultivos enerxéticos no novo Plano Forestal.
- 4.- Que a Xunta de Galicia leve a cabo o cumprimento estrito da lexislación para impedir a deforestación de terras agrarias e os plantíos sobre hábitats de interese.

- 5.- Que a Xunta e o Estado establezan unha fiscalidade verde para o eucalipto.
- 6.- Que a Xunta de Galicia prohiba as novas plantacións e a repoboación con especies de xénero Eucalyptus nos espazo pertencentes á Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP).-
- 7.- A eliminación de eucaliptos ventureiros ou asilvestrados fóra de plantación.

3ª MOCIÓN: REFERENTE A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU BOA PARTE DE GALICIA ENTRE ELAS SALCEDA DE CASELAS, PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSDEG-PSOE

Pasamos a seguinte a moción 6208 de 24 de outubro presentada polo PSOE referente a vaga de lumes que asolou boa parte de Galicia entre elas Salceda de Caselas, ten a palabra Verónica.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Para que o público non se aburra, prometo que esta é máis curta, presentamos esta moción xa que unha vez estabilizadas as cousas, visto o acontecido hai que tomar medidas, se ben é difícil si que creemos que hai cousas que poden axudar a previr o que aconteceu. En relación a isto, volvo a ler a exposición de motivos dicindo tamén que neste caso os datos si son exactos. Si é certo que o Alcalde nos informara ata o día de hoxe da superficie que ardera en Salceda, pero neste caso creo que o dato si é correcto.

A vaga de lumes que asolou Galicia entre os días 15, 16 e 17 de outubro, supuxo unha nova desgraza para o país.

No caso da provincia de Pontevedra, esta sufriu unha vaga de lumes nunca antes vista na historia, que supuxo máis de dez mil hectáreas afectadas na provincia. Ademais da lamentable perda de vidas humanas, os danos materiais son innumerables nos concellos de As Neves, Gondomar, Nigrán, Pazos, Soutomaior, Baiona, Fornelos, Salvaterra, Pontearreas, Porriño, ● Salceda de Caselas, Mos, Redondela, Vigo, Silleda, Forcarei, Lalín, Caldas, Catoira, Valga, Meis, Pontecaldelas e Cotobade-Cerdedo.

Xa concretamente no municipio de Salceda de Caselas queimáronse máis de 900 hectáreas, resultando afectadas seis das sete parroquias. A situación vivida no noso concello foi absolutamente desesperanzadora, ande os medios non foron suficientes, intentando afrontar os lumes cos escasos medios municipais e con minguados efectivos autonómicos.

Existiu claramente, unha deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Tamén hai que ter en conta que o impacto ambiental nos montes de Salceda, polo que é necesario que as administracións adopten, coa máxima celeridade medidas que garantan axudas para que podan ser minorizados estes danos, sobre todo, tendo en conta o comezo da época de choivas que podería aumentar aínda máis o efecto ambiental pala grande acumulación de cinzas os montes.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas, presenta esta MOCIÓN para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, solicitando a adopción dos

seguintes ACORDOS,

1. Instar ó goberno de España e a Xunta de Galicia a que estableza de maneira inmediata as axudas necesarias para recuperar a riqueza forestal dos bosques e montes galegos e o patrimonio que perderon os veciños e veciñas de toda Galicia.
2. Instar á Xunta de Galicia para que estableza de xeito inmediato un plan de choque para os solos afectados, poñendo en marcha as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e mananciais.
3. Instar á Xunta de Galicia a que nos próximos seis meses o goberno galego aprobe todas as iniciativas legislativas para a promoción dunha política forestal que permita a conservación, protección e valoración dos montes e bosques de Galicia. Unhas propostas que deben ser elaboradas, pactadas e consensuadas cos municipios, as deputacións e co asesoramento da comunidade científica.
4. Instar á Xunta de Galicia a elaborar un protocolo xunto a concellos, deputacións e técnicos medioambientais para as actuacións ante os lumes forestais que garanta unha maior coordinación e atención inmediata nos lumes.
5. Instar á Xunta a adoptar medidas de limpeza e coidado do monte durante o inverno e primavera.
6. Instar á Xunta de Galicia a que introduza no currículo educativo dos escolares de todas os niveis o ensino en valores de respecto ó medio ambiente, á protección e valorización dos nosos montes e bosques.
7. Instar á Xunta a elaborar proxectos formativos e de concienciación de cara a contribuír a que a sociedade galega poda valorar, respectar e coidar do patrimonio cultural e ambiental que supoñen os nosos bosques.
8. Solicitar ós grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha estratexia galega contra os incendios.
9. Instar á Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a que establezan unha liña de axudas de emerxencia para colaborar cos colectivos afectados, entre eles as comunidades de augas.
10. Que o concello cumpra coa obriga de realizar a comunicación previa de facer a limpeza de fincas por parte dos propietarios e tramitar os expedientes de execución subsidiaria no caso de falta de resposta. á comunicación previa, coa posterior facturación do coste ós propietarios.

Dito isto, creo que basicamente tratamos todos os puntos entre a reunión das 6 da tarde máis o que acabamos de falar do eucalipto e o primeiro punto que aprobamos anteriormente. Non

teño moito máis que engadir a moción, creo que é hora de que todas as administracións arrimen o ombreiro dentro das súas competencias e espero que os grupos que compoñen o Pleno teñan a ben apoiar esta moción.

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS): Aquí creo que se recollen varios puntos, hai determinados puntos que se trataron na reunión e sería interesante que se recollan nesta proposta, por exemplo como era de optar unha liña directa, a figura do Alcalde que é o responsable de protección civil, está claro que non tiña unha liña directa co 112 e complica bastante as actuacións. Logo tamén no das medidas de limpeza tamén é importante subliñar que zonas dentro de núcleo que poidan estar nunha franxa de 100-200 metros protexidas sen esas especies que son factibles para a propagación do lume, como son o piñeiro, o eucalipto e acacia. No punto 10 que se fai referencia as competencias do concello, dicir que nos, todas as comunicacións que existen se proceden e tramitan os expedientes pero lamentablemente nos temos, no territorio galego unha porcentaxe de persoas que se descoñece ao nome de quen están. A propiedade non está a nome de quen realmente ten esa propiedade, co cal dificulta enormemente a obriga de notificar e no posterior caso de pasar a factura. Entón as veces non é posible atopar aos propietarios.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Ben, xa falamos antes, insisto no mesmo, poderíamos botar todo o tempo a botarnos na cara erros, feitos do pasado, competencias de cada administración, temos constancia de que algún veciño presentou varios escritos para que se limparan as fincas que bordean as súas casas e non se lle limpan, algún veciño, concretamente de Soutelo, chegou ata o Valedor do Pobo, en fin, pode haber casos puntuais, que é complicado atopar os propietarios pero a lei ampara a limpar por parte do Concello, certo é que nese caso non se cobraría pero cando hai un perigo inminente e se comproba pola Policía local, cando hai un requirimento, e non se atopa ao propietario, ninguén ía protestar. Seguramente sexan moitos ou non tantas, vistas as solicitudes que nos trasladaron vostedes que se fixeron no último exercicio. Na labor de búsqueda se poden implicar un pouco máis, como o fan, e me parece moi ben, a un fin como son as construcións de sendas peonís as marxes dos ríos e se localizan aos propietarios a través de veciños, para estes casos, nos que se pon en perigo a veciños, vivendas se podería facer unha labor máis intensa. Iso non significa que haxa casos excepcionais, ninguén é perfecto nin todas as medidas son implacables, eu creo que un pouco máis por parte do concello se pode facer, estou tendo unha aportación sensata e coherente.

O que si me gustaría é que o PSOE, que é quen presenta esta moción que nós imos apoiar e que na exposición de motivos estaremos máis ou menos de acordo, que se recolla nun punto o agradecemento a todos os veciños, aos corpos de seguridade do estado, aos diferentes corpos de extinción dos lumes e digamos de forma unánime lle traslademos o recoñecemento, en especial, aos veciños que como se dixo hoxe, sen a súa axuda non sería posible atallar o lume.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) En canto as emendas, alégrome que haxa unanimidade, hai 10 puntos e aínda se pode recoller algúns máis. Estou de acordo co voceiro do PP, e entendo que o punto 10 que se cumpra o obriga da comunicación previa as veces é engorroso, o traballo que leva facer cumprir pero entendo que é unha moción que insta a Xunta, por ser a administración que ten as competencias, pero si, como dixen antes, insta a Deputación e ao Concello, como ten que ser nestes casos de emerxencia.

Claro que é complicado na reunión das 6 da tarde dixo o Alcalde que os concellos non

cumprían con iso, eu podo darlle o nome de algúns concellos que dende que houbo cambio de goberno pois en algún caso Socialista- BNG ou Socialista- Marea, se fixo unha ordenanza reguladora do tema de limpeza de fincas, se fixo ordenanza fiscal para poder cobrar a taxa e o único inconveniente é cos veciños que non se poden atopar, que non son todos tampouco. Entendo que se algunha queda sen aboar e a temos que pagar todos os veciños, entendo que é un mal menor con que poida chegar o lume a unha casa. Admito a dificultade que se ten neste aspecto.

Pola parte de recoller o punto que dicía Carla por suposto, xa o falamos na reunión as 6 da tarde, o de ter unha liña directa é importantísima e a outra que no radio de núcleos houbera un radio de 100-200 metros que evitara que houbera especies de eucalipto, piñeiro e acacias.

En canto a incluír un punto en agradecemento aos e veciños non temos nada que obxectar, todos vivimos aquí e intentamos axudar e nos parece ben facer un recoñecemento aos veciños e veciñas.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Falando con datos, do que respeta ao concello. Dende o ano que entrei como Alcalde e que entrou a lei no 2007, todas as denuncias se tramitaron, concretamente este ano houbo 52 denuncias, a primeira o 1 de marzo e a última, non sei se entrou algunha nas últimas horas, pero foi o 16 de outubro, en tramitación están 46, rematadas 9, parcialmente 8, e 6 pendentes do informe de Policía Local. Iso dende o primeiro momento, partimos da base que se están tramitando todas e cada unha. Nós na ordenanza de ornato público que aprobamos fai uns anos, fala das cuestións do espazo urbano e núcleos que fala do arborado, e de feito no casco urbano, xunto con outras medidas máis sibilinas, dos aparcamentos disuasorios eliminaron practicamente en todo o perímetro do casco urbano, ademais do cumprimento da lei, eses bosques lindantes na maior parte dos casos con edificios. Digo unha maneira sibilina porque non era a súa función principal pero é certo que moitos deses aparcamentos supuxeron a desaparición de masas boscosas entorno dos equipamentos públicos e das edificacións. En canto a tratamento da biomasa dos solares principais que quedan, onde asumimos nos o aparcamento xa o facemos nos, pero no resto se fai unha chamada telefónica e se soe actuar case sempre.

Repito, no casco urbano se está cumprindo esta ordenanza de maneira directa e indirecta, e nos núcleos rurais, a experiencia sorprendentemente cando a lei marcou o dos 50 metros, resolvendo incluso conflitos históricos que remataban no xulgado. Temos que ter en conta que a inmensa maioría das denuncias veñen por conflitos entre veciños, a inmensa maioría, tanto as urbanísticas coma estas, pero bueno iso non quita que teñan dereito a denunciar. Como nós, a inmensa maioría dos concellos, agora non coñezo, e fixen reunión con moitos alcaldes, non coñezo practicamente a ningún alcalde do país que asuma subsidiariamente, porque basicamente é inabarcable.

En Salceda pode haber ducias de miles de parcelas que estean nesa franxa que marca a lei, inabarcable dende o punto de vista teórico e inabarcable dende o punto de vista práctico, nin hai partida orzamentaria que sustente isto, nin hai capacidade administrativa, nin capacidade xurídica xa que moitas veces hai que pedir autorización xudicial. Non hai capacidade real de abarcar iso. Algúns concellos nin sequera teñen ordenanza. Hai que desmitificar, a inmensa maioría dos propietarios, sobre todo se coincide cos datos de catastro, están limpando e cortando árbores. E o traballo de Cándido e agora de Carla de intentar mediar ata nalgún caso de facer de xuíz de paz, para min é sorprendente. Agora xa non, pero no ano 2007 foi toda

unha revolución, entón se está facendo. E se salvamos moitas vivendas nos núcleos, e o sabemos os que estivemos foi porque a xente, en xeral, tiña bastante limpo o lugar por suposto e os veciños do lado a inmensa maioría tamén. Senón non houberamos podido atallar como se fixo, estou pensando os chalés de Budiño, de Bouzapanda, do barrio da Ameixeira, de Fontán.. estaban limpos por iso se puido atallar cuns medios tan simples, auga da piscina, sulfatadoras, mangueiriñas, caldeiros e capachos. Basicamente porque a inmensa maioría estaban limpos ou a biomasa era boa de apagar. É certo que miles de parcelas non o están.

O 30% das parcelas que aparecen en catastro, están a nome de descoñecidos e outro 30% están sen partir, aparecen a nome de persoas que están falecidas. Ou non se trasladaron os datos porque se permutaron, etc. Se quixeramos ir pola vía de cobrar, a través de métodos executivos, ¿a quen lle cobras? ¿Aos que están en Brasil ou en Buenos Aires?

A Xunta de Galicia nese caso nos meteu un gol, definición que coincidimos todos os alcaldes do país. Despois outra cousa, nos tramitamos, como tramitamos a inmensa maioría, nos estamos cumprindo esa parte, aínda que chegado ao punto que non se corta, non é viable. Se a Xunta se escaqueou dese tema que pode crear Decretos, por iso introducimos esa faixa, que lle permita nun prazo breve executar ese tema utilizando medios externos como TRAGSA ou senón o resto é un brinde ao sol, e neso coincidimos todos os alcaldes do país.

Pero quero desmitificar varias cuestións, si cumprimos, si facemos un enorme traballo, o Decreto non di que os Alcaldes, concelleiros teñamos que buscar aos propietarios, non o di en ningún lado, di que se non o fan o executan. Non como facía Cándido ou Carla de andar a buscar, a falar ca outra que se leva mal coa irmá, ese tipo de historias. Perdendo miles de horas, ese traballo se fai e me parece inxusto porque moita xente si que vai e corta e me atrevería a dicir que a maioría cando hai denuncia. Cando non hai denuncia xa estamos falando doutra cousa, é inxusto tamén para a xente que ao longo destes últimos anos cortou, e é gran parte da xente. O resto xa está todo dito, toca cumprir cada un a súa función pero tamén partindo de datos reais.

E evidente que as mocións que estamos presentando son de máximos, con que se cumpra unha parte ou se cambie a mentalidade dunha parte xa gañaremos moito. Os debates que houbo aquí, xa me gustaría que noutras esferas máis expertas se deran, un debate realista e conciliadora creo q neso estamos todos.

Por suposto os grandes heroes foron os veciños e veciñas e comparto esa inclusión dese tema na propia moción.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Hai que ser realistas e hai que recoñecer a realidade. A realidade Alcalde no seu discurso en parte, vamos a ser sensatos, brillou pola súa ausencia. Claro que podemos dicir que hai 1.000 parcelas ou 15.000 que bordean as casas, pero non significa que non teñan propietario, que non sei se son 10.000 ou 7. Non significa que todas estean sen limpar, non significa que todos os propietarios de vivendas denunciem no concello. Non é certo que ao lado dos municipios municipais se cumpra, ¿no colexio Altamira? ¿No pavillón de Parderrubias? ¿Ou é que ao lado do centro social se cumpre? Alcalde, eu teño que desmentir o que vostede dixo porque non se cumpre, hai que ser realistas e creo que como vostede dixo, acabamos de ter un discurso sereno, sensato e coherente, asumindo dende o inicio de que hai que facer autocrítica e aquí ninguén ten a verdade absoluta. Vostede unha vez máis non o está sendo.

Nós como concelleiros agora que temos acceso por un lado mellor e por outro peor, acceso ao rexistro de entrada deste concello, antes nolo facilitaban en papel e agora dixitalizado tamén nolo facilita pero tamén nolo impide.

O feito é que comprobamos como veciños remitían ao concello un escrito dicindo que as parcelas non estaban limpas e se lle remitía ao propietario catro meses despois de presentar iso. ¿En momentos puntuais hai saturacións de traballo? Por suposto, ¿que maña un teña as responsabilidades de gobernar e vai ser implacable? Pois claro que non, pero iso non significa que a maioría se tramite cun tempo excesivo.

E logo un dato que vostede aportou que non sabía, mencionouno hoxe a tarde e agora outra vez, dende o 1 de xaneiro a mediados de outubro se presentaron por rexistro 52 peticións de limpeza, vostede di que 9 a día de hoxe están executadas, ¿quere dicir que o resto non se atopan os propietarios? ¿de 52 temos executadas 9?. Hai trámites de veciños que chegaron despois de insistir reiteradamente por rexistro, nos temos probas, ao final o veciño tivo que acudir ao Valedor do Pobo. Hai máis casos, e volvo a insistir con ánimo construtivo, por favor sexamos realistas o concello non está levando o 100%. Eu entendo a marxe, que non se é infalible pero de aí a que se nos queira vender que todo se está facendo e tramitando, ¿en que tempo e con que insistencia?

Dito isto, é o importante pola nosa parte non temos ningún problema en apoiar esta moción.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Faise a seguinte enmenda a moción presentada polo PSdeG-PSOE, incluíndo os seguintes puntos:

*“- Instar a Xunta de Galicia a ter Liña directa co 112, por parte dos membros do Goberno.
- Instar a Xunta de Galicia a que estableza zonas dentro de núcleo que poidan estar nunha franxa de 100-200 metros protexidas sen esas especies que son factibles para a propagación do lume, como son o piñeiro, o eucalipto e acacia.
-Agradecer a todos os veciños, aos corpos de seguridade do estado, aos diferentes corpos de extinción dos lumes.”*

Sometida a votación, a enmenda anterior, o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobadaa por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, a inclusión na moción.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción é o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobadaa por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

1. Instar ó goberno de España e a Xunta de Galicia a que estableza de maneira inmediata as axudas necesarias para recuperar a riqueza forestal dos bosques e montes galegos e o patrimonio que perderon os veciños e veciñas de toda Galicia.

2. Instar á Xunta de Galicia para que estableza de xeito inmediato un plan de choque para os solos afectados, poñendo en marcha as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e mananciais.
3. Instar á Xunta de Galicia a que nos próximos seis meses o goberno galego aprobe todas as iniciativas legislativas para a promoción dunha política forestal que permita a conservación, protección e valoración dos montes e bosques de Galicia. Unhas propostas que deben ser elaboradas, pactadas e consensuadas cos municipios, as deputacións e co asesoramento da comunidade científica.
4. Instar á Xunta de Galicia a elaborar un protocolo xunto a concellos, deputacións e técnicos medioambientais para as actuacións ante os lumes forestais que garanta unha maior coordinación e atención inmediata nos lumes.
5. Instar á Xunta a adoptar medidas de limpeza e coidado do monte durante o inverno e primavera.
6. Instar á Xunta de Galicia a que introduza no currículo educativo dos escolares de todas os niveis o ensino en valores de respecto ó medio ambiente, á protección e valorización dos nosos montes e bosques.
7. Instar á Xunta a elaborar proxectos formativos e de concienciación de cara a contribuír a que a sociedade galega poda valorar, respectar e coidar do patrimonio cultural e ambiental que supoñen os nosos bosques.
8. Solicitar ós grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha estratexia galega contra os incendios.
9. Instar á Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a que establezan unha liña de axudas de emerxencia para colaborar cos colectivos afectados, entre eles as comunidades de augas.
10. Que o concello cumpra coa obriga de realizar a comunicación previa de facer a limpeza de fincas por parte dos propietarios e tramitar os expedientes de execución subsidiaria no caso de falta de resposta. á comunicación previa, coa posterior facturación do coste ós propietarios.
11. Instar a Xunta de Galicia a ter Liña directa co 112, *por parte dos membros do Goberno*.
12. Instar a Xunta de Galicia a que estableza zonas dentro de núcleo que poidan estar nunha franxa de 100-200 metros protexidas sen esas especies que son factibles para a propagación do lume, como son o piñeiro, o eucalipto e acacia.
13. Agradecer a todos os veciños, aos corpos de seguridade do estado, aos diferentes corpos de extinción dos lumes.

4ª MOCIÓN: AMPLIACIÓN DO CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (CEP ALTAMIRA), DO MOVEMENTO SALCEDA.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Moción de Movemento Salceda do 26/10/2017 RE 6294, toma a palabra a Concelleiro Teresa Pérez.

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS) Boas noites paso a ler a exposición de motivos da moción.

No Concello de Salceda de Caselas existe na actualidade un único Centro de Educación Primaria (CEP Altamira) que atende na actualidade a 588 nenos e nenas. Dito colexio conta na actualidade con liña 5 no primeiro ciclo e con liña 4 no segundo e terceiro ciclo, con previsión de que a liña 5 se vaia implantando en tódolos niveis nos vindeiros anos polo alto índice de natalidade existente no noso municipio. Nos últimos anos lévanse eliminado aulas como as de psicomotricidade ou música para dar cabida ao aumento de alumnado, e este curso 2017/2018 eliminouse unha nova aula de usos múltiples para implantar unha nova aula de 1º curso.

Este Concello é coñecedor de que a Consellería está a traballar nun proxecto para a ampliación do CEP Altamira, tal como nos ten confirmado de maneira informal o Xefe Territorial da Consellería, César Pérez Ares os pasados 5 de maio de 2016 no acto de sinatura do convenio entre a Consellería de Educación e o Concello para a mellora dos centros educativos de infantil e primaria que se celebrou na cidade de Pontevedra, e o 28 de abril de 2017 no Acto de inauguración da exposición "Imaxinar a Educación. 50 anos con Frato" tamén na cidade de Pontevedra.

O pasado 24 de outubro, a directora do CEP Altamira anunciou no Consello Escolar que tiña mantido unha reunión co Xefe Territorial, na que se lle amosou a "Ficha de actuación" na que se recolle a proposta de ampliación para dito centro. A día de hoxe o Concello non ten recibido información sobre o contido de dita ficha, nin coñece a proposta na que está a traballar a Consellería de Educación.

Examinado o borrador de Orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2018, non aparece recollida ningunha partida específica que garanta a realización da ampliación, que consideramos debe ser prioritaria e de máxima urxencia. A mencionada partida tora xa solicitada dende este Concello o pasado 20 de setembro de 2017, sen que fose tida en conta dita solicitude.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo Municipal de Movemento Salceda propón ao Pleno da corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia á inclusión dunha partida nos orzamentos autonómicos para o vindeiro ano 2018 de cara á súa aprobación definitiva, que garanta a dispoñibilidade orzamentaria para a realización da necesaria ampliación do CEP Altamira.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS) So un par de cousiñas máis, creo que vai bastante ben especificado na moción, a realidade é que cada vez que estamos co Director Xeral ou Conselleiro, se nos fala da ampliación do CEIP Altamira, a verdade e que case sempre a frase é a mesma, quedamos para a semana. A realidade é outra, o Concello non coñece de primeira man o que se está a facer, aínda que o edificio sexa municipal, de uso educativo.

Visto que non se nos atende nesa reunión, decidímolos pedir co Conselleiro fai un mes, a día de hoxe non tivemos resposta, e bueno, tendo en conta que a Directora fixo o anuncio de que se estaba traballando, no Consello Escolar que se fixo esta mesma semana, volvemos a incidir nesa solicitude de reunión, pois para ver o que se está a facer, cal é orzamento. En palabras da Directora, a proposta é a ampliación dunha planta máis para todo o edificio principal, sen contar o administrativo. Pero repito, nos non temos acceso a información e o que sabemos, é pola Directora do centro escolar. Chegada a semana dos orzamentos da Xunta, pois tamén buscamos aparte do Centro de Saúde, buscamos se aparecía algo para o CEIP Altamira, aparecen 5 partidas nominativas pero por ningún lado aparece o CEIP Altamira. Parécenos estraño tamén porque Concello e Xunta cadrámbos na necesidade de ampliar o centro.

Esta semana volveu saír unha nova solicitude, seguiremos insistindo para que se nos reciba, parécenos idóneo traer a este Pleno este acordo, un acordo da corporación municipal se así o tedes a ben e que se solicite a ampliación e unha partida orzamentaria porque xa levamos varios anos e chegados a este punto a eliminación dunha nova aula este ano é que se nos rematan as alternativas.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) é unha moción sensata, coherente, na súa exposición de motivos e no que se pretende. Esta moción que non tivemos o tempo de compartir cos compañeiros, pero entendo que están a favor tamén pero non sabían da moción. Pero non miramos nos orzamentos como fixemos co Centro de Saúde, que aínda que non tiña partida específica, si aparecía na memoria.

O que si estamos de acordo, que como os que temos pequenos, vemos con preocupación esta situación e creo recordar que xa trouxemos algo a este Pleno, non me lembro se fora un rogo ou unha moción fai poucos meses. Estamos tamén en reunións e mantivemos conversas. Intentamos entre todos sumar, e estou convencido que conseguiremos o obxectivo. Todo o noso a apoio e estou seguro de que conseguiremos o obxectivo.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) O grupo socialista por suposto que vai apoiar esta moción, e dende o noso grupo levamos presentando emendas a Xunta para ampliación do Altamira, de feito esta semana xa presentamos as emendas deste ano 2018 e demais que levamos máis das emendas do, 2016, 2017 e algún ano máis.

Ademais destas emendas tamén presentamos para que se debatera, tanto da ampliación do CEIP Altamira, como do ensino pos- obrigatorio así como o transporte escolar ao bacharelato a Concellos limítrofes.

E verdade que a última vez que se introduciu a iniciativa dos socialistas galegos pola petición

dos socialistas de Salceda, a pesar de que ese rumor que agora confirma un membro do consello escolar, que a propia moción di que anunciou iso, é verdade que a contestación no Parlamento galego do PP foi no seu día, que na mesma situación que se atopaba Salceda había outros concellos, que que pedíamos.

Temos pendente outro debate no Parlamento con estes tres temas dende setembro, está pendente. Supomos que a terán cando remate o debate dos orzamentos e espero que desta vez a contestación ao grupo parlamentario socialista sexa outra por parte da Xunta.

Este acordo unánime de que apareza nos orzamentos da Xunta a ampliación do CEIP Altamira, é tal como dixo a Concelleira de Educación, que haxa algo que garanta iso, extrapolado ao Centro de Saúde, era o que quería dicir. Que se garanta a construción ou inicio da obras do centro de saúde.

O noso grupo xa está traballando a nivel parlamentario, agora tócanos aquí, e seguiremos traballando para que este tema se arranxe para ben de todos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A diferenza do SERGAS, o criterio de Educación é facer o orzamento con garantías, os datos da natalidade en Salceda don públicos, o aumento da poboación escolar. A situación de Salceda e publica e coñecida. Nesta batalla son claves, os veciños, os grupos políticos e as asociacións. Se para o curso que ven o fixéramos posible, estamos nun bo momento, é un obxectivo plausible e prioritario.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobadaa por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galicia á inclusión dunha partida nos orzamentos autonómicos para o vindeiro ano 2018 de cara á súa aprobación definitiva, que garanta a dispoñibilidade orzamentaria para a realización da necesaria ampliación do CEP Altamira.

C) Rogos e preguntas

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Levamos presentado unha serie de rogos, porque é unha boa maneira, xa que se lle da traslado ao goberno e ao resto dos grupos. Paso a leerlos:

1º.- Rogo do 7 de setembro de 2017 RE 5127:

DESRATIZACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO NO CASCO URBANO, EN ESPECIAL AVDA. DE GALICIA E RÚA VIGO.

EXPÓN:

Logo do traslado feito por un veciño da presenza de ratas nos portais de entrada en diferentes edificios das rúas Vigo e Avda. de Galicia, e comprobado a existencia de "excrementos" de dito animal nos lugares mencionados, incluso na terraza interna dun edificio da rúa Vigo (Portal 3) e dado que tamén outros veciños de dita rúa as viran no tellado do seu ático; E polo que solicitamos que se poñan en marcha as medidas precisas para

levar a cabo unha profunda desratización na rede de saneamento do casco urbano, en especial, na Avda. de Galicia e rúa Vigo.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

DESRATIZACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO NO CASCO URBANO, EN ESPECIAL AVDA. DE GALICIA E RÚA VIGO.

2º.- ROGO do 7 de setembro de 2017 con re 5128:

MANTEMENTO E REPOSICIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO BARRIO DE EIDO VELLO -BUDIÑO.

EXPÓN:

Dende fai varios días (semanas), son varias as bombillas do alumeado público que non alumean os camiños de dito barrio, polo que este Grupo solicita o mantemento e reposición do mesmo para que os/as veciños/as poidan dispor dun servizo básico de calidade.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

MANTEMENTO E REPOSICIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO BARRIO DE EIDO VELLO -BUDIÑO.

3º.- ROGO do 7 de setembro de 2017 RE 5129:

LIMPEZA DA MALEZA QUE INVADE DIVERSAS SINAIS DO NOSO CONCELLO

EXPÓN: Son diversas as sinais do noso Concello as que se atopan invadidas palas silvas, o cal dificulta a súa correcta visibilidade. Concretamente referímonos ás situadas en Soutelo e na Paxariña (A Feira).

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

LIMPEZA DA MALEZA QUE INVADE DIVERSAS SINAIS DO NOSO CONCELLO.

4º.- ROGO do 7 de setembro de 2017 con RE 5130:

ARRANXO DE DESPERFECTOS NAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FUTBOL PENEDO REDONDO.

EXPÓN:

Despois de ver, no último Pleno, a pretensión do Alcalde de retirar 9.871,55 euros da partida "instalacións deportivas" presentamos ante os membros da corporación as seguintes imaxes do estado do Campo de fútbol Penedo Redondo (redes e vallas rotas, vestiarios en moi mal estado) como proba da necesidade de mantelo importe íntegro da mesma.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

ARRANXO DE DESPERFECTOS NAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FUTBOL PENEDO REDONDO.

5º.- ROGO do 19 de setembro con RE 5390:

LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DA ANTIGA CASA DO MESTRE NO CRA PICOÑA

EXPÓN:

Este Grupo traslada a necesidade de proceder á limpeza da "antiga casa do mestre" que se atopa abandonada na actualidade (grandes silvas, animais, etc), por motivos obvios de hixiene para os cativos/as que van á aula adxacente.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DA ANTIGA CASA DO MESTRE NO CRA PICOÑA

6º.- ROGO do 19 de setembro de 2017 con RE 5392:

COLOCACIÓN DUNHA VALLA DE SEGURIDADE NA ESTRADA LOUREIRO URZAL (PICOÑA)

EXPÓN:

Atendendo ás demandas dos veciños e das veciñas, damos traslado da necesidade de colocar unha valla de protección na estrada Loureiro- Urzal (Picoña), por motivos evidentes de seguridade -dada a perigosidade da curva e o desnivel existente-; unha medida que xa contemplaba este Grupo no Programa Electoral.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

COLOCACIÓN DUNHA VALLA DE SEGURIDADE NA ESTRADA LOUREIRO- URZAL (PICOÑA)

7º.- ROGO do 19 de setembro de 2017 con RE 5394:

MELLORA DO ASFALTADO E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PAZO (PICOÑA)-LAXE (SAN XURXO)

EXPÓN:

Damos traslado ó Goberno Municipal da necesidade de proceder ó asfaltado e acondicionamento da estrada que vai dende Pazo (Picoña) a Laxe (San Xurxo), que tal e como se amosa nas imaxes, atópase en moi mal estado, feito que dificulta a correcta circulación e prexudica ós vehículos, ciclistas, etc.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

MELLORA DO ASFALTADO E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PAZO (PICOÑA)-LAXE (SAN XURXO)

8.- ROGO do 19 de setembro de 2017 con RE 5395:

LIMPEZA E MELLORA DO PARQUE CHAN DA ARROTEA NA PARROQUIA DA PICOÑA

EXPÓN:

Para poñernos en antecedentes, é preciso explicar -tal e como nos trasladaron as veciñas e veciños da zona- que no mes de Agosto do ano 2016, o Goberno Local retiraba a área do Parque Chan da Arrotea (Picoña), a madeira que delimitaba a zona de xogos e os bancos, ca promesa de que se procedería ó acondicionamento do mesmo nun curto prazo de tempo.

No mes de Maio -nove meses despois da promesa do alcalde ós/ás veciños/as- algún membro deste Grupo visitabamos a zona e presentabamos o correspondente rogo por rexistro (con data de entrada 26 de Maio de 2017 e número 3025) para que se procedese á limpeza e mellora do Parque. Aínda que se nos asegurou en Pleno que se tería en conta a proposta, o certo é que a día de hoxe a situación do parque continúa a ser de abandono total,

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

LIMPEZA E MELLORA DO PARQUE CHAN DA ARROTEA NA PARROQUIA DA PICOÑA se amosa nas imaxes.

9º.- ROGO do 19 de setembro de 2017 con RE 5396:

LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA FRAGA-LOUREIRO NA PARROQUIA DE PICOÑA

EXPÓN:

Tal e como se pode observar nas imaxes, parte da estrada Fraga- Loureiro na parroquia de Picoña atópase invadida polas silvas e maleza, feito que dificulta a correcta visibilidade dos usuarios/as. A diferenza entre a parte da estrada ca cuneta limpa e a que está sen limpar é máis que evidente e deixa de manifesto a necesidade de proceder ó seu acondicionamento.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA FRAGA-LOUREIRO NA PARROQUIA DE PICOÑA.

10º.- ROGO do 19 de setembro de 2017 con RE 5389:

REPOSICIÓN DAS RANDEEIRAS (COLUMPIOS) E TOBOGÁN, SERVIZO DE AUGA QUENTE E ADAPTACIÓN DO LAVABO Á ALTURA DAS NENAS E NENOS

EXPÓN:

Dando voz unha vez máis ás necesidades que nos veñen trasladando as/os nais e país, neste caso reivindicamos e apoiamos varias melloras para o colexio CRA San Xurxo: segundo nos trasladan, o Goberno Municipal retiraba o pasado curso as randeeiras (columpios) do colexio comprometéndose a sustituilas por unhas novas.

Dende a dirección do CRA, enviábase un escrito ó Alcalde no que se lle daba traslado de varias melloras que facilitarían a rutina ós/ás máis cativos/as. A primeira delas facía referencia á reparación dun desperfecto no tobogán e á reposición das randeeiras (columpios), outra á necesidade de ter un servizo de auga quente e a terceira á acomodación do lavabo existente para facilitar o seu uso ós nenos e ás nenas.

O Alcalde non só non repuxo as randeeiras (columpios) que retirara no curso pasado, se non que fixo caso omiso das peticións da dirección, decidindo retirar o único tobogán existente e, deixando ós/as cativos/as sen xogos, sen auga quente e sen lavabo adaptado.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO:

REPOSICIÓN DAS RANDEEIRAS (COLUMPIOS) E TOBOGÁN, SERVIZO DE AUGA QUENTE E ADAPTACIÓN DO LAVABO Á ALTURA DAS NENAS E NENOS.

Son peticións que nos fan chegar colectivos e/ ou persoas, sabemos que algúns xa está executados e outros non. En canto a rogos, non temos máis.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) O rogo que traía o PsdeG- PSOE estaba relacionado coa reunión que tivemos hoxe as seis da tarde, visto que se fixo hoxe xa non teño nada que engadir.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Se non hai máis rogos, pasamos as preguntas, primeiramente facervos entrega das preguntas do Pleno anterior, que se incorporan a esta acta e a continuación pasamos as preguntas que haxa neste Pleno.

“RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ORDINARIO DE 25-08-2017

Resposta a pregunta 1 formulada polo sr. Joaquín Nuñez Troncoso

-Contratación de Policía Local:

Sí, iniciouse o procedemento de contratación da praza de policía local.

Estes son os pasos seguidos ata o momento:

1. 23/08/2017: Redáctase a memoria de alcaldía para a contratación da policía local.
2. 05/09/2017: Redáctanse as bases de selección da praza de auxiliar de policía local con carácter de persoal laboral temporal.
3. 06/09/2017: Dase traslado das bases de selección á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, co obxecto de dar conta do expediente e de que as bases sexan informadas de acordo co artigo 95 da Lei 4/2007 de 20 de abril de coordinación de policía locais e o artigo 10 do Decreto 243/2008 de 16 de outubro polo que se desenvolve a referida lei.
4. 11/09/2017: Acúsase recibo postal de recepción polo destinatario do apartado anterior.

5. 03/10/2017: Acúsase recibo postal de recepción polo Concello de Salceda de Caselas sobre a petición do informe do apartado 3.
6. A data de hoxe atópase pendente de que o departamento de secretaría emita informe ó respecto da contratación.

-O que se decía na nota de prensa da rpt (se a esa se refire na súa pregunta) foi que na rpt se contemplaba a creación de dúas novas prazas de oficial de policía local, para proceder posteriormente a súa cobertura.

Resposta a pregunta 2 formulada polo sr. Joaquín Nuñez Troncoso

-Camiño pechado en Torreiro,Soutelo:

O Camiño da que se fala, na práctica totalidade pertence ao Concello de Tui, xa se lle trasladou ao Alcalde a problemática para que fose coñecedor.

Resposta a pregunta 3 formulada polo sr. Joaquín Nuñez Troncoso

-Orzamento:

Está plantexado enriba da mesa da interventora municipal a elaboración dos orzamentos para este ano 2017, cuestión que se viu retrasada pola elevada carga de traballo, o periodo vacacional da mesma e a posterior baixa de incapacidade laboral na que se atopa a traballadora dende o 19/09/2017.

Actualmente dende o 10/10/2017 substitue dita baixa unha nova interventora habilitada nacional, a cal acumulando á súa praza titular, vai vir a prestar servizos un día a semán ó Concello de Salceda de Caselas.

Se lle volveu plantexar a nova interventora a elaboración de orzamentos. Nos vemos na conxuntura de carecer de persoal técnico, pola circunstancia descrita anteriormente. Polo que dependendo da carga de traballo (subvencións, contratacións, informes, nóminas, pagos de facturas, contabilidade, xustificacións de documentación, asuntos plenarios,... etc) se intentará proceder a súa elaboración.

Resposta a pregunta 4 formulada pola sra. Ángela Valcárcel Bernárdez

-Escrito enviado ao Consorcio de Augas do Louro sobre saneamento en Entenza e Soutelo:

Remitiuse a documentación porque o proxecto estaba aprobado nos Orzamentos do Consorcio de 2017, concretamente o de Entenza por valor de 1.075.000€.

A documentación e o proxecto corresponden ao proxecto que aprobara o Consello de Ministros de Mariano Rajoy en decembro de 2014 para executar pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, aproveitando os remanentes de fondos europeos do período 2007-2013. O Concello de Salceda e a Consellería de Medio Ambiente (Ethel Vázquez) e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil asinamos o 08 de setembro de 2014 o Conveio para execución dese proxecto. Por culpa de que a Consellería de edio Ambiente non cumpriu as súas obrigas (aportar o 20% da actuación), finalmente o proxecto non se executou.

Resposta a pregunta 5 formulada pola sra. Verónica Tourón Domínguez

-Arranxos nas unitarias:

Aténdense, como tódolos anos, por orde de prioridade

Resposta a pregunta 6 formulada pola sra. Verónica Tourón Domínguez

-Aula de Revolta:

Faranse as labouras de mantemento necesarias para a conservación.

Resposta a pregunta 7 formulada pola sra. Verónica Tourón Domínguez

-Climatización na Galiña Azul:

As traballadoras da Galiña Azul solicitaron permiso para a instalación dun equipo de climatización donado polo país. O Consorcio aceptou esa solicitude e o equipo colocouse.

Resposta a pregunta 8 formulada pola sra. Verónica Tourón Domínguez

-Pista de Pádel: Non temos ningún convenio asinado con ninguén. O uso da pista solicítase a través da páxina web www.edemesalceda.es, e cada un no horario que ten reservado e libre de facer o que queira.

Resposta a pregunta 9 formulada pola sra. Verónica Tourón Domínguez

-Solicitude de informes: Efectivamente non dispoñen da maioría suficiente para solicitar informes.

Resposta a pregunta 10 formulada pola sra. Verónica Tourón Domínguez

-Sobre a Solicitude de comisión de seguemento do Centro de Saúde: Adxuntamos copia da solicitude enviada. Non se recibiu convocatoria para celebrar esa comisión polo que non valoramos quen formaría parte dela.

Resposta a pregunta 11 formulada pola sra. Verónica Tourón Domínguez

-Senda peonil Parderrubias: Explicouse e presentouse o proxecto a Asociación de Veciños”

Preguntas correspondentes o Pleno de 27 de outubro de 2017:

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) ¿Cando ten pensado cumprir o acordo Plenario de creación da mesa de seguridade aprobado por unanimidade?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A primeiros de novembro, sabedes que como comentei antes, a situación de falta de secretaria municipal polo disfrute das súas vacacións e a situación que vivimos tanto no tema do traballo administrativo como cos incendios non o fixo posible, o meu compromiso é que na primeira quincena de novembro teñamos esa xuntanza. Creo que dende o último Pleno se tivo a xuntanza na que estivo a subdelegada do goberno, se analizaron unha serie de cuestións, e repito nos vindeiros días convocaremos esa comisión.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Presentamos por rexistro o 19 de setembro, facendo mención ao acordo Plenario, que se lle dera traslado a Xunta de Seguridade Local, ¿quería saber se vostede lle deu traslado?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Si, foi unha das cousas que solicitamos porque era vontade deste Pleno.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) ¿Está recollida en acta?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Si.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Quería saber, que hoxe falouse moito aquí do tema dos lumes, quería saber si se asinou no ano 2016 un convenio que ofrecía a Consellería de Medio Rural, dun convenio trianual respecto das subvencións que se podían acoller os concellos para as brigadas de limpeza e que tiña diferentes liñas de axudas para os concellos, pois podían acollerse as mesmas os concellos que tivesen en propiedade motobombas, evidente o concello tería que por unha parte para sufagar pero na que a maioría era subvencionado, quería saber se o concello asinou.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Non firmamos ese convenio entre outras cousas porque non estamos de acordo co enfoque. Diso falouse bastante en todas as xuntanzas, e case todos coincidimos que o sistema actual non é un sistema operativo onde haxa concentracións que cheguen, no caso de Mondariz, a notificación chegou o 8 de agosto, tramitar a contratación desas persoas aínda se complica porque moitas precisan de formación.

Por outra banda, tampouco estamos de acordo, as brigadas teñen que estar profesionalizadas, tal e como se recoñeceu, e iso facémolo todos, no ano 1991 por parte do goberno Fraga que por desgraza se foi desmantelando, quíxose retomar na época do bipartito pero non foi posible e volvamos a época da subvención, de pouco nos vale que nos dean unha subvención que non chega para cubrir os custes, que nos asumamos a contratación a nivel administrativo, que asumamos todas as derivas da contratación, que asumamos a formación e que asumamos que as resolucións cheguen no mes de agosto ou setembro.

Por outra parte, non estamos de acordo que nos poñamos as persoas, pero que en caso de incendios, nós non mandemos sobre esas cuadrillas municipais, e estamos ao albor da Consellería do Distrito forestal, ese mesmo que xa pasaron dúas semanas e non se puxeron en contacto con nós.

O modelo de subvención é irreal e calquera dos alcaldes cho recoñece, igual é mellor ter algo que non ter nada, pero temos que ir ao modelo territorializado, comarcalizado, que se puxo en marcha trala vaga de lumes do 89 do goberno Fraga, que foi derivando ata o modelo que estamos hoxe. Non pode ser que traballen 3 meses, terán que traballar todo o ano no tema de prevención e extinción.

Nós llo solicitamos a través da xuntanza de alcaldes e mentres sexa ese o modelo, nos non imos a sumarnos a ningunha subvención desas características. Si que asinamos un convenio para un tractor desbrozador coa Consellería que substitúa ou complemente o que temos nos. Por esa vía, asumimos convenios ou subvencións. Dende logo o modelo das brigadas non é operativo, demostrouse este fin de semana, non é profesionalizado, non coñecen o terreo e o que non pode é que cheguen as resolucións en agosto ou setembro.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Queda claro que por parte do Concello non se solicitou, cónstame que moitos concellos teñen estas brigadas operativas. Alcalde non traslade a opinión de que son por 3 meses, nin que cheguen en agosto, o ano pasado puido ser. Precisamente a periodicidade dos 3 anos elimina a engorrosidade de que a resolución poida chegar en agosto. Non digo que o Concello tivera que ter 4 ou 5 un mínimo si, todo é mellorable, oxalá puideramos ter todo para o concello sen pagar. Que o concello teña que aportar unha mínima porcentaxe como é o normal que nos parece razoable, que en moitos concellos teñen e están satisfeitos.

Que un goberno non solicite unha axuda por parte de outra administración que nos podería axudar a ter as pistas forestais e outras areas que axudara a manter limpas nestes días, me parece unha irresponsabilidade por parte do concello como así o manifestaron varios alcaldes, que se sorprendían que outros alcaldes da mesma cor, non se acolleran a este tipo de axudas. A nós se nos cedeu a tanqueta por ter os voluntarios en 2007 cousa que se desmantelou por parte deste goberno.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Quen desmantelou os GRUMIR non foi o Concello. A agrupación de voluntarios existe.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Unha cousa é que exista, e outra e que este operativa como tal. Hai que facer autocrítica, que vostede opine que non está ben non lle quita que sexa unha irresponsabilidade.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Que vostede opine iso é moi respectable, agora non se vai facer.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) É unha irresponsabilidade non contar con medios de extinción, porque vostede considera que non lle guste o modelo. É mellor contar con algo que contar con nada.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Xa viches para que lle valeu. Nos temos o parque de bombeiros a cinco minutos. De feito dos 15 incendios que houbo anteriormente viñeron varias veces, estiveron detrás da praza de abastos, no incendio do CDL do Torrón, polo tanto, estamos servidos pola nosa situación xeográfica, é evidente que outros concellos como Crecente, Oia o tempo de resposta é de unha hora. Non é comparable que eles xestionen doutra maneira. Punto segundo, os GRUMIR botounas abaixo o goberno Feijoo e montouse un chiringuito que son os GES, que o montaron na Guarda, que por certo, eu a día de hoxe e levo bastantes anos como alcalde, nunca tiveron unha visita do GES, non sei si tan sequera existe e se montou na Guarda, precisamente porque eran os Concellos máis alonxados, pero repito, nos afortunadamente estamos servidos co parque de Bombeiros de O Porriño, moi ben servidos a pesar das penurias económicas e laborais por parte dos Bombeiros.

Eu non teño, e creo que o dixen no Pleno anterior, co servizo de emerxencias, salvo neste último incendio, nin co parque de Bombeiros de O Porriño, nada que dicir, a resposta é rápida ante calquera incendio.

Botaron os GRUMIR, e que eran 9 meses, e vos votastes no goberno sabedes perfectamente o traballo que facían. ¿Por que se montou a agrupación de voluntarios? Porque os mesmos que estaban os 9 meses cubrían os outros 3, porque tiñan a esperanza de volver a renganchar na vindeira campaña dos GRUMIR, en canto desapareceu esa posibilidade rematou. O primeiro ano quedou algunha xente que tiña esa esperanza lóxica, logo o concepto de voluntariado de protección civil foi mingando, segue habendo persoas. Se intentou revivir en varias xuntanzas pero foi imposible, paralelamente o goberno creou o sistema de voluntariado que si supliu esa parte e segue habendo persoas en protección civil que segue facendo esas cuestións. Iso é a única realidade, e repito apostamos por outro modelo que lle fixemos chegar a cada un nas súas posibilidades. Eu e outros alcaldes na FEGAMP xa o dixemos por activa e por pasiva que

non apostamos polo modelo dos GES nin por contratacións de 3meses, non apostamos por ese modelo de Feijoo, si por outro modelo. Afortunadamente Salceda, grazas ao consorcio de bombeiros, hoxe de Pontevedra, temos un servizo de calidade dentro das posibilidades. Por iso tomamos esta decisión porque respecto doutros concellos estamos ben situados.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Eu escoitei, agora escóiteme vostede a min.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Estamos en preguntas.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Concellos a cinco minutos coma nos, cinco motobombas eu non digo que teñamos que ter cinco pero nos por proporción dous. Mos, concello onde vostede reside, cinco motobombas. Nos non temos ningunha.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿Con que orzamento?

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Por iso estou dicindo que en proporción debemos ter dous. Os GES están na Guarda porque como vostede ben dixo, temos o parque de Bombeiros preto. Se por desgraza, maña acontecese un incidente de dimensión, non van so vir bombeiros do Baixo Miño. Os GRUMIR significaba Grupo Municipal de Intervención Rápida e non facía nada disto, o que facían era no 90% desbrozar. Por iso se cambiou para este novo modelo que vostedes non se acolleron.

O que queda claro é que vostedes se puideron acoller as brigadas de extinción e limpeza e non se acolleron a elas. Polo tanto, e moi fácil botarlle a culpa aos demais, que terán a súa parte pero vostedes prefiren destinar os recursos a outras cousas e non a prevención.

Por certo, os edificios municipais que non cumpren co retranqueo de limpeza son o CDL e o Pavillón municipal.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿a cantos metros están?

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) ¿Os eucaliptos que están polo acceso lateral cumpren co retranqueo?

Outra pregunta, vai o concello a habilitar, porque o pode facer, a través do Plan da Deputación, ou de outro ou de fondos propios ¿unha liña de axudas as traídas de auga ou outras entidades se fose necesario? Estou facendo unha pregunta aberta sen concretar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Si, se fose o caso estudarase, para iso aproveitamos a reunión de onte.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Por último, ¿está vostede satisfeito da súa actitude xunto co concelleiro de persoal na Casa da Cultura respecto dunha traballadora? ¿Considera que as formas, as maneiras están a altura dun Alcalde? E xa non digo de Alcalde, primeiro dunha persoa cara outra persoa e segundo dun Alcalde cara un traballador nun posto de traballo. Quero saber se esta satisfeito, se se ratifica nas formas en que se dirixiu.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Primeiro, os temas da relacións laborais non son de Pleno, son da lexitima actuación de executivo e de xerarquía. Basease no diálogo. ¿Estaba

vostede alí? Ademais, ti que preguntas, non estíbeche no sitio, nin sei a que ven a pregunta. Repito, dentro do eido das relacións laborais de cada concello e dentro dos concelleiros que teñen delegadas as áreas dan unha serie de ordes e a obriga de calquera empregado e cumprilas, evidentemente pode obxectar o que considera, pero ten que en todo caso cumprir as ordes. Pode obxectar o que lle permita a lei, pero sempre cumprindo as ordes.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Non sei a que actitude te refires, a que se lle mostrou a persoa en concreto non foi para nada fora do normal dentro dunha orde que se lle da a un traballador.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) ¿Están afirmando que vostedes onte se achegaron a Casa de Cultura educadamente?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Non es o fiscal e estás a tratar un tema que non che incumbe e menos cando ti non estabas presente. Máis preguntas.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) ¿Vostedes están de acordo coa súa actuación da mañá de onte? ¿Vostedes non gritaron? ¿Vostedes non lle faltaron o respecto? ¿Non ameazaron? Vostedes diante de veciños, foron a increpar a un traballador municipal. Eu para que quede constancia nunha acta do Pleno, quero denunciar en nome de este grupo a actitude lamentable, inadmisíbel de vostede e de vostede concelleiro de persoal cara esas persoas que alardean de respecto e de non sei que máis cousas. É lamentable.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Facer unha acusación dese calibre debes ter unha proba que non estás aportando, debes aportar probas.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Claro que teño, testemuñas presenciais que viron as súas actitudes e os seus berros cara esa persoa. Lamentable, o que molesta e que se diga a verdade publicamente, que se quite a careta do que venden fora desta casa e do que son realmente.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Un pouco de respecto. Máis preguntas.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Recorde señor Concelleiro as palabras que lle dixen cando tomou posesión, recorde.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Máis preguntas.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Para que quede constancia nunha acta a actitude do máximo representante do concello, de ameaza a un empregado deste concello.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: A utilización dos traballadores públicos do Concello por parte do PP, hai moito tempo é sistemático, que conste en acta, a utilización, o intento de utilización dos traballadores públicos do concello por parte do PP é sistemática.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) Pódese admitir a utilización ou o que vostede queira, o maltrato xamais. Xamais esta persoa que está falando maltratou a un funcionario e persoal laboral e menos faltarlle ao respecto. Hai testemuñas señor alcaldeAo fío das respostas que se nos deu agora respecto do mes de agosto, dous meses máis tarde, caso único que tamén pasou no concello.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Eu estou esperando as súas e as do seu Alcalde dende o ano 1.999.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) Fixen unha pregunta sobre a contratación do Policía Local, aquí a última xestión que se fixo é do día 3 de estes mes, estamos a día 27, ¿segue para diante o expediente? ¿A idea é contratar un? ¿dous? En que situación se atopa?

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Segue adiante o procedemento, a idea é contratar un.
NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) ¿Vostedes consideran que un é suficiente para cubrir o servizo?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: A lei Montoro impide a contratación de Policía Local.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) É mentira señor Alcalde.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Valo ver na acta da Xunta Local de Seguridade.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) Ten gravada a lei Montoro na fronte porque vostede recorre diariamente, eso é mentira, sabe que agora mesmo é unha reposición do 100%.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: A contratación de novos Policías locais está prohibida pola Lei Montoro. Máis preguntas.

(Neste intre intervén unha persoa do público)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): O público non pode falar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A ver isto non é o cine, nin a barra do bar, se queres saes para afora e tranquilizaste. Non te estou botando, o público non pode falar. Pero tranquilo que non te vou botar.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Unha apreciación, afirmando o que acaba de dicir o Alcalde e a señora concelleira de que o público non pode falar ¿e non faltarlle ao respecto aos membros da corporación?, que pena señora concelleira que cando se viviron situacións neste salón de Plenos non falara e non defendera aos concelleiros que sufrimos insultos cara as nosas persoas.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Eu a quen tiña que defender era aos preferentistas.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP) Esa é a diferenza, nos o defendemos e o tempo deulle a razón a quen lla deu, esa é a diferenza, que outros viñan a alentar os insultos e o menosprezo e vostedes e outros aceptamos a realidade.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Preguntas.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) Respecto dos orzamentos do ano 2017 os ten a interventora enriba da mesa para elaboralos, ¿e os de 2018 que tiñan que estar enriba da mesa? O 2017 xa os damos por descontados porque os ten enriba da mesa e faltan dos meses para rematar o

ano ¿é o 2018? ¿Para cando é?

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Xa che levo respostado outras veces, é a intención do goberno aprobar os orzamentos, como ben che contesto, a carga de traballo que se deu ata agora era excesiva, a técnica municipal encargada colleu a baixa previa maternidade e que agora mesma está vindo unha interventora unha vez a semana. Estaremos suxeitos a carga de traballo que hai e a ver se damos feito os orzamentos con esta técnica.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) A ver señor Concelleiro, que sempre aludimos aos técnicos ¿e os políticos non cobran? Algo terán que facer.

Vostede dixo que a técnica colleu a baixa o 19 de setembro pero me contesta respecto dos orzamentos do 2017, fai un mes colleu a baixa e non estaban os orzamentos do 2017 cando tiñan que estar fai un ano.

¿Van traer a esta mesa os orzamentos do 2018?

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Contéstolle, dadas as circunstancias de escaseza de persoal técnico, é intención de goberno traer uns orzamentos. Dadas as circunstancias nas que estamos esta é a situación.

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE) Boas noites, para o Concelleiro de Vías e Obras: fixo a ampliación de aparcamento do cole Altamira, e se deixou a parte que se ampliou de carretera, chea de barro a que vai ao CRA. Cando baixamos e subimos, está a entrada do Altamira chea de nenos para entrar é imposible pisar alí, xa caeron varios nenos. ¿Tedes pensado botarlle un firme máis sólido e canto haberá que esperar?

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS): Pouco, as obras fanse pouco a pouco e cos poucos cartos que hai. Alí aparte do barro hai 3 metros de asfalto e pódese pasar perfectamente. Pero bueno, repararemos canto antes.

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE) Eu refírome a diante do portal, se acumulan todos os pais cos nenos que van de aquí, porque antes entraban por outro lado pero agora entra todo o mundo por alí.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Esa obra está sen acabar, en breves pretendemos acabala e o remate final será con zorra.

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE) Abaixo na entrada do CRA se fixo unha zona con mesas e bancos, ¿teñen pensado por papeleiras? Porque aquilo está sempre cheo de lixo sempre polo chan.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Non é cuestión de papeleiras, hai contenedores alí. Pero se hai que reforzar se reforza. Aínda que ese non é o problema. Pódese por un na porta do CRA.

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE) No parque da Gándara se está colocando o columpio adaptado, agora fai catro ou cinco días que non vou, que se vai adaptar o camiño para que

poida pasar unha cadeira de rodas, iso douno por feito. Os columpios que estaban rotos que apareceu un domingo rodeado con cinta, estaba precintado a unha hora e as tres horas seguintes xa non había cinta, e hai perigo, ¿vaise facer algo con ese columpio?

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Si tedes razón, xa recibimos un rogo. As obras non remataron, estamos en prazo e estamos facendo a instalación do novo columpio adaptado e a senda será para chegar ao columpio adaptado de acordo coa normativa. Unha vez que rematemos, xa está contratada a mellora no resto dos elementos do parque. Somos conscientes que o elemento de madeira ten un deterioro grande polo uso. Pídvos un pouco de tempo porque as obras son lentas e temos tantos nenos que nos facemos e eles desfán. Nos pomos a cinta pero non hai forma, incluso se valou é moi complexo, e na maior brevidade terémolos arranxados.

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE): A pregunta que facíamos no último Pleno creo que se entendeu mal Teresa, sobre a Galiña Azul sabemos que hai un equipo de aire acondicionado, a pregunta era, preguntadas as traballadoras de alí, dicían que se lle había solicitado ao Consorcio e que lle contestaran que si. O que queríamos preguntar era la climatización.

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS) Eu entendín a pregunta, elas solicitaron por un lado a instalación deste aparato e o consorcio díxolle que si e por outro lado solicitaron ao consorcio a climatización e dixeron que non, que ese problema o había noutras aulas.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) A primeira pregunta, quería facer unha petición, xa que bueno o ROF permite entregar as preguntas no seguinte Pleno, supoño que é unha excepción porque sóense facer oralmente, como mínimo que se nos entreguen ao principio.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Eu as miña aínda as contestei hoxe a mañá, con iso digocho todo. Intentaremos, xa llo dixen a Santiago ao inicio do Pleno, esperemos que este tema sexa excepcional. Nos contestaremos aquí ata as 12 da noite.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Espero que quede en acta e sexa excepcional. Eu tiña unha pregunta reiterada sobre os orzamentos que xa fixo o PP, eu pregunto, se están enriba da mesa, quero entender que os de 2018, que se o goberno sempre ten a intención de aprobar. Para comezar non comparto que sempre se escuden nos problemas de intervención e de secretaría e dos técnicos, o último orzamento que se aprobou foi no mes de xuño do ano pasado en Xunta de Goberno. Independentemente diso, se está o proxecto enriba da mesa, vai deixar participar aos outros grupos da corporación nesa elaboración de orzamento para que engadan as demandas dos veciños.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Eu non dixen que estivera o proxecto, dixen que estaba plantexado a interventora. No seu momento valoraremos se ese traslado se fai ou non.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: En todo caso, o acordo que temos con esta interventora se ven un día a semana para levar todo o que levaba a outra compañeira cinco días da semana, os orzamentos gustaríanos estar traballando neles pero o acordo que temos con ela é que non vai afrontar os orzamentos. Está descartado a non ser que cambien as circunstancias. O acordo que hai, e xa bastante favor nos está facendo vindo un día a semana,

evidentemente non vai afrontar os orzamentos coa cantidade de traballo pendente que hai o resto é autoenganarnos. Xa nos gustaría a nós e o problema é o capítulo 6. Xa nos gustaría a nós ter capítulo de investimentos directos nun orzamento. Van ser escualidos porque non temos capacidade.

Insisto, na reunión que mantivemos coa interventora para amosar a situación e falando do que era posible facer e o que non era posible, cando lle falamos dos orzamentos dixo que ía velo pero que non. Porque o traballo que conleva e se so ven un día a semana para asumir todo o traballo de todos os días. A priori, ese tema esta descartado.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) É increíble que se escuden en que a interventora ven un día a semana, porque fai un mes estabamos en setembro e se puido plantexar para aprobalos en outubro, que claro que había unha interventora que estaba todos os días da semana. Está claro que un esta co proxecto enriba da mesa e o señor Alcalde xa o ten descartado.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS) Non está o proxecto, están as liñas marcadas.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Facer un orzamento é fácil, xa están as fabas contadas.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) O señor Alcalde xa o descarta, cumprir unha norma municipal.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Máis preguntas Verónica.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Creo que aínda que sexa a última a preguntar, vólvolle repetir o de todos os Plenos, teño o mesmo dereito. Que iso de caracolear ou marear son unhas faltas de respecto, quero que de novo conste en acta, pola Secretaria por favor.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Preguntas.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Eu o traio en pregunta, o trouxeron como rogo, ¿o tema que as chaves das instalacións deportivas as teña todo o mundo vaise arranxar?

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS): Neste caso sabíamos que había unha persoa que estaba traballando nesa función, temos os problemas nas contratacións e o que se chegou a un acordo cos clubs. Non é que todos teñan chave, existe un protocolo de chaves e iso quere dicir que existe unha folla de chaves e unha folla de incidencias na que cada clube pon en coñecemento de como se atopa as instalacións cando chega e cando marcha. Claramente non é a mellor fórmula e me gustaría que houbera unha persoa alí.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Na miña opinión, en breve, creo que é unha falta de responsabilidade e creo que é botarlle a responsabilidade encima aos responsables dos clubs. Creo que hai dedicacións exclusivas, parciais, neste goberno para que non sexan os clubs os responsables.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Cando estabades no goberno non era esa a opinión, agora si.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Cando estabamos no goberno, lembro que mentres non tivemos persoal no CDL nos encargábamnos nos de ir pechar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: E nos tamén.

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS): Quen se encargou en abrir e pechar o campo da Gándara. Porque se levou dende a área do PSOE deportes e despois quen se encargou de abrir e pechar o Penedo Redondo.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Pero era unha persoa non os clubs con 40 claves, é diferente. A situación non é a mesma.

Falando de deportes, xa preguntamos no Pleno anterior, o tema do Pádel. Dixeron que non había ningún convenio asinado coa persoa que daba alí clases cobrando e demais e que cada un iba recollendo as peticións. Me din que non temos convenio con ninguén, o uso da pista solicítase a través da páxina web e cada un no horario que ten reservado pode facer o que queira con elas. Home, un que ten estipulado alí unhas horas, que cobra polo menos un intento de facer algo, que non se lucre alguén coa pista e que se lle impida xogar a veciños, me parece unha resposta bastante escueta ao que eu lle plantexei no Pleno de agosto.

En canto, a reunión que se fixo coa Comunidades de Montes e outra coa das Traídas dicía antes vostede que aproveitaron esa reunión para mirar que problemas tiñan e expoñer se se podían ofrecer unhas axudas, ¿convocáronse a todas as Comunidades de Montes e de Traídas dos concello?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):: Non, a todas as do concello non. As que non estaban implicadas directamente non como pode ser Entenza.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Quedou algunha sen convocar e que estaba afectada.

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS): É probable que quedara unha.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Bouzavedra é unha. Creo que cando se fai unha convocatoria a través de WhatsApp ou de maneira oficial, creo que hai que ser rigorosos para non deixar unhas asociacións fora e outras dentro.

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS): Quero pedir desculpas, eu pedín un número de alguén da directiva creo que me deron o da Presidenta pero non din contactado con ela, si conseguira doutra volta pero non desta. Intentaremos mellorar, pido desculpas porque fun eu quen chamou.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Esas convocatorias non teñen que ser informais e si convocalas con toda a legalidade.

En canto a comisión de seguridade que nomeaba o PP, a verdade e que non chegou a dar ningunha data, ¿se sigue na teima de que a Policía Local non debe participar? ¿Vai convocar a Policía Local?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Está moi claro, nunha reunión política non debe estar a Policía.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) A pancarta que está colgada na fachada quería saber o custe.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): 375 euros.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP) Unha breve sobre os orzamentos, cales son os que están enriba da mesa, ¿os de 2017 ou 2018?

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): é o de 2017, pero vendo a altura do ano é difícil.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Osea que os do ano 2018 ni están nin se lles espera.

Non habendo máis temas que tratar, ás 23:50 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE